Dos. Las cuantías de los límites recogidos en esta disposición incluyen un aumento del 2 por ciento respecto de las vigentes a 31 de diciembre de 2019. Asimismo se aplicará el incremento retributivo adicional vinculado a la evolución del PIB que, de acuerdo con el artículo 3.Dos, se apruebe para el personal del sector público.”

Terceiro) O artigo 75.ter.1 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, que determina:

“1. De conformidade con lo establecido en el artículo 75 de esta Ley, la prestación de servicios en los Ayuntamientos en régimen de dedicación exclusiva por parte de sus miembros deberá ajustarse en todo caso a los siguientes límites:

...

d) En los Ayuntamientos de Municipios con población comprendida entre 3.001 y 10.000 habitantes, los miembros que podrán prestar sus servicios en régimen de dedicación exclusiva no excederá de tres.”

Cuarto. O artigo 13 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

“1. Los miembros de las Corporaciones Locales tendrán derecho a percibir, con cargo al Presupuesto de la entidad local, las retribuciones e indemnizaciones que correspondan, en los términos que se determinan en los párrafos siguientes.

2. De acuerdo con lo establecido en el artículo 75.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, tendrán derecho a percibir retribuciones y a ser dados de alta en el Régimen General de la Seguridad Social los miembros de las Corporaciones Locales que desarrollen sus responsabilidades corporativas en régimen de dedicación exclusiva.

En el supuesto de tales retribuciones, su percepción será incompatible con la de cualquier otra retribución con cargo a los presupuestos de las Administraciones Públicas y de los Entes, Organismos y Empresas de ellas dependientes.

3. El reconocimiento de la dedicación exclusiva a un miembro de la Corporación exigirá la dedicación preferente del mismo a las tareas propias de su cargo, sin perjuicio de otras ocupaciones marginales que, en cualquier caso, no podrán causar detrimento a su dedicación a la Corporación. En el caso de que tales ocupaciones sean remuneradas, se requerirá una declaración formal de compatibilidad por parte del Pleno de la entidad local.

4. El Pleno corporativo, a propuesta del Presidente, determinará, dentro de la consignación global contenida a tal fin en el Presupuesto, la relación de cargos de la Corporación que podrán

desempeñarse en régimen de dedicación exclusiva y, por tanto, con derecho a retribución, así como las cuantías que correspondan a cada uno de ellos en atención a su grado de responsabilidad.

El nombramiento de un miembro de la Corporación para uno de estos cargos solo supondrá la aplicación del régimen de dedicación exclusiva si es aceptado expresamente por aquél, en cuyo caso esta circunstancia será comunicada al Pleno en la siguiente sesión ordinaria.

5. Todos los miembros de la Corporación, incluidos los que desempeñen cargos en régimen de dedicación exclusiva, tendrán derecho a recibir indemnizaciones por los gastos ocasionados por el ejercicio del cargo, cuando sean efectivos, y previa justificación documental, según las normas de aplicación general en las Administraciones Públicas y las que en este sentido aprueba el Pleno corporativo.

6. Sólo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de que formen parte, en la cuantía que señale el Pleno de la misma. No obstante, todos podrán percibir esta clase de indemnizaciones cuando se trate de órganos rectores de Organismos dependientes de la Corporación local que tengan personalidad jurídica independiente, de Consejos de Administración de Empresas con capital o control municipal o de Tribunales de pruebas para selección de personal.”

Na Sesión plenaria ordinaria de 26.11.2020 acórdase “deixar enriba da mesa” para o seguinte Pleno a moción presentada polo Grupo Municipal APIN-SON PONTECESO, á espera de que Secretaría e Intervención emitan os informes solicitados verbalmente ao respecto polo Alcalde.

O informe emitido por a Intervención municipal o 2.12.2020 conclúe:

“1.- A moción presentada polo Grupo Municipal APIN-SON PONTECESO o 25.11.2020 (número de rexistro de entrada 20200000002116), ao abeiro dos artigos citados no apartado III.1.- do presente informe, non é un suposto que esixa a fiscalización previa por parte da Intervención Municipal dado que a eliminación, no seu caso, das dedicacións exclusivas e parciais non implica o recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigas ou gastos de contido económico.

Nembargantes se emite o presente informe en cumprimento da orde verbal emitida pola alcaldía na sesión plenaria ordinaria de 26.11.2020.

2.-A normativa sobre réxime local recoñece o dereito dos membros das corporacións locais a percibir retribucións cando desempeñen os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial. Se ben se fixa un límite máximo para a cuantía das retribucións a percibir (art. 75 bis Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local e art. 18 do Real Decreto-lei 2/2020, do 21 de xaneiro de 2020, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público) e para o número de cargos que poden exercerse en réxime de dedicación exclusiva (art. 75.ter Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local), a normativa non define límite mínimo ningún para tales conceptos. En canto á competencia para a determinación dos cargos que se exercerán en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, ésta corresponde ao Pleno da Corporación.”

Por parte da Secretaria municipal , no seu informe do 10.12.2020, conclúese o seguinte:

“**PRIMEIRO.**A vista das consideracións xurídicas expostas , a moción presentada por o grupo municipal APIN- SON para eliminación das dedicacións exclusivas e parciais, como acto de discrecionalidade política ven limitada na normativa de réxime local no sentido regulado no artigo art. 75 bis Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local e art. 18 do Real Decreto-lei 2/2020, do 21 de xaneiro de 2020 que establece un límite máximo das retribucións a percibir, así

como os cargos que poden exercerse en réxime de dedicación exclusiva conforme o artigo 75.ter da Lei 7/85.

Non existe na normativa un límite mínimo ao importe de tales retribucións agás o contido no artigo 75.3 da Lei 7/85 que garante as asistencias por a concurrencia efectiva as sesión dos órganos colexiados da Corporación, na contía sinalada polo pleno da Corporación e artigo 75.4 da Lei 7/85 que establece que os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo. (e tamén recollido no artigo 13 do RD 2568/1986).

SEGUNDO. Na moción presentada faise referencia a o acordó plenario do 15.06.2020, pero do seu contido dedúcese que se refire o acordó de 1.07.2020, tratándose dun erro material ou aritmético, que se entende superado, conforme o artigo 50 da Lei 39/2015, garantindo así o principio de conservación dos actos administrativos.

TERCEIRO. O órgano competente para a fixación do réxime de dedicacións exclusivas e parciais é o Pleno por maioría simple, e requerirá ,conforme o artigo 75.6 da Lei 7/85, publicación íntegra do acordó plenario no BOP e no taboleiro de anuncios municipal.

CUARTO. No que respecta a liberación dos créditos para destinar os mesmos a un novo Plan de emprego Social 2020/2021, reitero as consideracións realizadas no punto terceiro dos fundamentos xurídicos, precisando que debe entenderse como una declaración de intencións que non pode obviar as regras previstas no RD 2/2004

Se o pleno decide obviar toda esta tramitación, a adopción do punto segundo desta moción podería incardinarse nun suposto de nulidade administrativa dacordo co artigo 47.1 e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por adoptar un acordo prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.

QUINTO. Dacordo co artigo 80.2 da Lei 39/2015, de 1 outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, os informes serán emitidos a través de medios electrónicos e de acordo cos requisitos, que sinala o artigo 26, no prazo de dez días, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou exixa outro prazo maior ou menor.

Tendo en conta que a solicitude do mesmo realizouse na sesión plenaria do 26.11.2020 e que na mesma fixouse a celebración dunha nova sesión plenaria de carácter extraordinario para o 14 de decembro,ponse de manifestó que non se dispouxo por parte desta secretaría do tempo establecido para poder emitir o informe, circunstancia que non reviste carácter excepcional, senón que se trata dunha práctica habitual neste Concello.”

Do anterior despréndese que acordó adoptado o 21.12.2020 respetou os límites legais e técnicos existentes na normativa vixente.

c.2.3) Falta de motivación:

Así as cousas, habemos de acudir ao precepto específico que regula a motivación dos actos administrativos: o art. artigo 35.1. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Este precepto, entre outros supostos, establece que han de ser motivados os actos que se diten en exercicio de potestades discrecionales, así como os que deban selo en virtude de disposición legal ou regulamentaria (apartado 1, letra f).

O acto obxecto de impugnación, o acordo plenario do 21.12.2020, expón uns motivos para a eliminación das dedicacións exclusiva e parciais, con independencia de ser certas ou non, son de relevancia política, formando parte do eido discrecional e excedendo do ámbito de control administrativo que ha de exercer esta Secretaría, tal como se puxo de manifestó no informe do 10.12.2020

Neste sentido as alegacións aducidas por os recurrentes para fundamentar a falta de motivación e a existencia de desviación de poder e vulneración do principio de interdicción da arbitrariedade política, non desvirtúan o informado por esta secretaria con data 10.12.2020 excedendo do control de legalidade e de procedemento a efectuar por esta Secretaria.

CONCLUSIONES:

Conforme o establecido no texto do informe, procede desestimar o recurso interposto o 21.01.2021 por D Xose Lois García Carballido, Dna Noelia María Varela Suárez e Dna María Teresa Chouciño Calvete fronte ao Acordo plenario do 21.12.2020 , dado que o acordo respetou os límites legais e o procedemento previsto nos artigos 75 e 75 ter da Lei 7/85 , de 2 de abril, de bases de réxime local e 13 do RD 2568/1986, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, excedendo o resto dos argumentos do control administrativo a exercer por a Secretaría Municipal.

Documento asinado electrónicamente ao marxe

*A Secretaria
D^a. Antía Pena Dorado"*

Tendo en conta o artigo 22 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como o artigo 64 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Administración Local de Galicia

PROPOÑO AO PLENO

PRIMEIRO.- *DESESTIMAR o recurso interposto o 21.01.2021 por D Xose Lois García Carballido, Dna Noelia María Varela Suárez e Dna María Teresa Chouciño Calvete fronte ao Acordo plenario do 21.12.2020 , dado que o acordo respetou os límites legais e o procedemento previsto nos artigos 75 e 75 ter da Lei 7/85 , de 2 de abril, de bases de réxime local e 13 do RD 2568/1986, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, excedendo o resto dos argumentos do control administrativo a exercer por a Secretaría Municipal (conforme ao informe xurídico do 17-03-2021)*

SEGUNDO.- *Notificar aos interesados, aos efectos legalmente establecidos.*

TERCEIRO.- *Advertir aos interesados que contra este acordo, poden interpor un RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo competente segundo o art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no*

prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao que reciba esta notificación. Todo isto sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso máis convinte ao seu dereito. (...)

O Señor Alcalde, sen respetar o turno de intervencións, dálle a palabra á Señora Concelleira Non Adscrita Raquel Fondo Pérez que lle pide que explique á xente se ten os cartos do Plan de Emprego porque monta esto decindo que a xente ten que ir para calle en Maio. Insiste que eles estalle dando os cartos das dedicacións exclusivas Insiste se lle explicou aos traballadores do Plan de Emprego que se veñen manifestar por darlle para atrás o señor Alcalde os cartos que os concelleiros lles están dando.

O señor Alcalde toma a palabra e di que hai que ter pouca vergoña para vir hoxe a un Pleno despois de votar tres veces en contra ao Plan de Emprego e recrimínalle a D^a Raquel Fondo Pérez que veña decindo que non lle quere él dar os cartos.

Insiste que o venres pasado na Deputación houbo un Pleno no que se acordaron o reparto dos cartos do Plan Social da Provincia, do cal Ponteceso quedou fóra. Esto trae a indignación que hai en Ponteceso, e que se manifesten, dado que son persoas vulnerables.

Insiste na indignación xeral de Ponteceso.

Recorda que cando había dedicacións exclusivas de 37.000€ non había este revuelo.

O señor Alcalde insiste que rechazan os 100.000€ da Deputación de Gastos Social, e os traballadores van ir ao paro polo pacto da Vergoña.

Recorda o señor Alcalde que o PSOE no seu recurso insiste que a retirada dos soldos das concelleiras son contrarios ao interés público. As concelleiras seguen realizando as funcións de Goberno, polo que non hai motivo para quitarlles o soldo e menos xustificar que se lle quita para o Plan de emprego social.

O Sr Faustino Santiago Lema interrompe o debate e o Sr Alcalde acaba por chamarlle á orde por primeira vez , e recórdalle que se quere falar no pleno pida a palabra.

O Sr alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP, o Señor García Cotelo e interven o voceiro de APIN, o señor Pose Verdes, dicindo que foi é quen pedíu a palabra primeiro.

Toma a palabra o voceiro do PP, o Señor García Cotelo, que lle aconsella ao Señor Alcalde que se relaxe que lle quedan dous anos moi difíciles e que baixe un pouco o ritmo . Recórdalle que aquí o único que ten o problema co señor Alcalde e o PSOE, non o PP, porque o PP non lle sacou o soldo a ninguén. Considera que habería que votar e cando proceda falar do POS xa se falará pero non neste punto.

Toma a palabra o voceiro de APIN, o señor Pose Verdes que pregunta se se vai seguir a orde do día ou cada un vai falar do que queira.

O señor Alcade dálle a palabra a voceira non adscrita D^a. Ana Pérez Imia, e aclara que o Plan Social foi feito nun primer momento co soldo ao que o Señor Alcalde renunciou, e coas dedicacións exclusivas, polo que entende que non existe ningunha partida de dedicacións exclusivas. Esa partida segue existindo e solicita que se utilice para o Plan Social, como o fixo o ano pasado , e recalca que deixe o Señor Alcalde de usar rehéns e que deixe de poñelos aos concelleiros como os culpables. Insiste que se non lle amplía o contrato aos trabaladores é por capricho do Señor Alcalde, e recorda que as concelleiras do PSOE poden seguir levando as súas áreas sin dedicacións, como ela tamen levou a súa area e non houbo 900 € para ela.

Toma a palabra o Señor Alcalde, que responde ao voceiro do PP, e comenta que as dedicacións de 37,000€ noutros anos si que estaban xustificads e agora non. Insiste que non quere máis mentiras neste Pleno

O Señor Alcalde continúa decindo que o Plan de Emprego Social baseouse no Informe da Traballadora Social do Concello.

Empeza unha nova discusión entre os concelleiros.

Intervén o señor voceiro do PP, ao cal o Señor Alcalde lle chama a orde por primeira vez.

Continúa o Señor Alcade, recordando que en Muxía a oposición abstívose para que non se perdera o POS, sen embargo o PP de Ponteceso vota en contra e perdemos o POS.

O voceiro do PP intervén sen uso da palabra e o Señor Alcalde chámalle á orde por segunda vez.

O Señor Alcalde recrimínalle ao voceiro do PP que lle tiña que caer a cara de vergoña por perder eses cartos.

Toma a palabra o concelleiro non adscrito, D. Salvador Eiroa Ameijenda e dille ao Señor Alcalde que fale de política e non se meta na vida xente.

Toma a palabra a concelleira non adscrito, D^a. Ana Pérez Imia, que insiste que outra vez máis quere aclarar que ela tamen vive aquí e tamén anda por Ponteceso. Recorda que os POS doutros concellos van adiante porque os líderes falan coa oposición cousa que o Señor Alcalde non fixo.

Toma a palabra o voceiro de APIN, o Señor Pose Verdes, e repite que é o culpable de todo esto é o Señor Alcalde, que trouxo un POS sen consensualo con niguén, dado que se suxeriron obras que non puxo e decidiu destinalo todo a gasto corrente..

O Señor Alcalde insiste nas Comisións Informativas e plenos celebrados, e o Sr Pose Verdes interrompe dicindo que son mentiras , polo que é chamado a orde dúas veces.

Continúa o Señor Alcalde decindo que lle saíu mal a eles a xogada, xa que so querían aprobar o POS a cambio da dimisión do Alcalde.

Empeza unha discusión entre os Concelleiros e o Señor Alcalde

O Sr Alcalde da por finalizado o debate, e sométese a votación o ditame co seguinte resultado:

Votos a favor: 7, (5) NON ADSCRITOS (D. Faustino Santiago Lema, D. Miguel González Gómez, D^a. Raquel Fondo Pérez, D^a. Ana Pérez Imia, D. Salvador Eiroa Ameijenda) e (2) APIN (D. José Manuel Pose Verdes, D. Marco Amtonio Varela Vidal)

Votos en contra: 3 PSOE (D. Xosé Lois García Carballido, D^a. Noelia Varela Suárez e D^a. Maria Teresa Chouciño Calvete)

Abstencións: 2 PP (D. Daniel García Cotelo, D^a. Marta Carrillo Aguiar)

Polo que o Pleno aproba

PRIMEIRO.- DESESTIMAR o recurso interposto o 21.01.2021 por D Xose Lois García Carballido, Dna Noelia María Varela Suárez e Dna María Teresa Chouciño Calvete fronte ao Acordo plenario do 21.12.2020 , dado que o acordo respetou os límites legais e o procedemento previsto nos artigos 75 e 75 ter da Lei 7/85 , de 2 de abril, de bases de réxime local e 13 do RD 2568/1986, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, excedendo o resto dos argumentos do control administrativo a exercer por a Secretaría Municipal (conforme ao informe xurídico do 17-03-2021)

SEGUNDO.- Notificar aos interesados, aos efectos legalmente establecidos.

TERCEIRO.- Advertir aos interesados que contra este acordo, poden interpor un RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo competente segundo o art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao que reciba esta notificación. Todo isto sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso máis convinte ao seu dereito.

5.- Proposta de Ratificación Plenaria da solicitude de participación no POS+ AD2-GTO CORRENTE 2020 EXP 2021-G006-000001Ratificación proposta POS GASTO CORRIENTE 2020

Pola presidencia dáselle a palabra á secretaria da Corporación que procede a ler a proposta, que no seu teor literal di:

“(...) PROPOSTA DE RATIFICACIÓN PLENARIA DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO POS+AD2-GTO CORRENTE/2020.

ANTECEDENTES

O Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 é un Plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2020 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96, do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e cinco de outubro de dous mil dezanove (25/10/2019), acordou a aprobación das BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) <<POS+2020>> (BOP número 208 do 31 de outubro de 2019).

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 30 de abril de 2020 (BOP número 66 do 5 de maio de 2020), aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de

cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2020" para regular o **POS+Adicional 2/2020** para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, destinados aos 93 concellos da provincia, para a aplicación de Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2020 e/ou de investimentos financeiramente sostibles dos concellos, como medida extraordinaria adoptada para apoiar ós concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada do COVID-19.

Visto o informe de Intervención de data de data 14/05/2020.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do día 20/05/2020 polo que se aproba participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) <<**POS+ ADICIONAL 2/2020**>> da Deputación Provincial da Coruña.

Visto o requirimento da Deputación Provincial da Coruña do día 12/03/2021 para que o concello ratifique a través do Pleno a aprobación na participación no POS+AD2-GTO CORRENTE/2020.

Vista a solicitude de prórroga presentada diante da Deputación Provincial da Coruña o día 12/03/2021 para achegar o contido do seu requirimento.

PROPOÑO AO PLENO

PRIMEIRO.- Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local do día 20/05/2020 polo que se aproba participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) <<**POS+ ADICIONAL 2/2020**>> da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	157.022,90 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	157.022,90 €	0,00 €	157.022,90 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	157.022,90 €	0,00 €	157.022,90 €

SEGUNDO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

TERCEIRO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

CUARTO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.. (...)”

O Sr Alcalde da a palabra ao voceiro de APIN, que non quere facer uso da palabra.

Toma a palabra o voceiro do PP, o Señor García Cotelo que expón que o PSOE contaba con maioría absoluta e o Señor Alcalde fixo o que lle dou a gana., polo tanto di que non lle pida agora

apoio. Se antes ignorou ao PP, dille que o siga facendo, pois antes contaba cunha ampla maioría da cal se desfixo, busque agora apoios onde queira.

Toma a palabra o Señor Alcalde, e recrimínalle ao voceiro do PP que ese día non foi a Comisión Informativa xa que debía ter cousas máis importantes que facer. Quen sí asisitiu foi a súa compañeira, e ahí explicóuselle que esa subvención veu para gasto corrente. A Sra Interventora informou, e nese informe queda claro que se o Concello non ratifica esa aportación de gasto corrente debe devolver 157,022€ á Deputación a parte do 1,000,000€ que conspiraron cos tráfugas. O Señor Alcalde pide seriedade e explica os motivos polo que é serio, senón se está de acordo insiste que se absteñan para non perder eses 157,022€.

Comeza unha discusión o voceiro do PP e o Señor Alcalde.

Interrompe o voceiro do PP, o cal lle chama á orde por segunda vez.

Toma a palabra o concelleiro non adscrito D. Miguel Ángel González Gómez e di que lle explique á xente porque non se lle pagou aos autónomos, porque eles non tiveron ningunha partida porque só o Señor Alcalde se encargou desas partidas, afirma que tódolos traballos foron pagados polo Señor Alcalde.

Afirma que non se contou con eles para o POS 2020 e tampouco para éste, indica tamen que se lle explique á xente o tema da auga que o está levando diferentes empresas e a ver en que acaba eso, porque non está ben.

Toma a palabra o Señor Alcalde e insiste que non leron o expediente, que non leron os informes de intervención, porque siguen preguntando onde van os cartos, e pregúntalle ao o concelleiro non adscrito D. Miguel Ángel González Gómez se sabe él máis ca Interventora, e onde estudiou él as carreiras.

Altérase o concelleiro non adscrito, D. Salvador Eiroa Ameijenda, por meterse con D. Miguel González Gómez ao cal o Señor Alcalde lle chama á orde primeira vez.

O Señor Alcalde esíxelle a D. Salvador Eiroa Ameijenda que retire do salón de Plenos a palabra malsoante que pronunciou, éste accede e retírala.

O Señor Alcalde segue explicando, sen manter ningunha orde na rolda de intervencións, para que vai destinado o gasto corrente, sendo interrompido por D. Miguel González Gómez ao cal lle chama á orde por primeira vez. Indican tódalas obras que se fixeron antes de que entrara o concelleiro non adscrito D. Miguel Ángel González Gómez, como concelleiro de obras, e finaliza decindo que non facía falta que chegaran ao Concello os 5 tráfugas para explicar cómo se facían obras.

O concelleiro non adscrito D. Miguel Ángel González Gómez interrompe e o Señor Alcalde chámalle á orde por 2ª vez.

Toma a palabra a concelleira do PP, Dª. Marta Carrillo Aguiar que di que se ciña ao punto da orde do día, e recórdalle que o Señor Alcalde tamén estivo na oposición e tamén votou en contra ao POS no seu día, polo que lle pide que se deixe de discursillos baratos. Pide que conste en acta que o Señor Alcalde non cumpre o ROM.

Comeza unha discusión entre ós concelleiros, e entre as interrupcións Dna Ana Pérez Imia indica que o Sr Alcalde non é o voceiro e incumple o ROM de forma reiterada.

O señor Alcalde continúa explicando que tan mal non o fixeron que os veciños deronlle a maioría absoluta, o problema é que os concelleiros expulsados non deixan a acta crando unha maioría artificial.

Interrompe o concelleiro non adscrito D. Miguel Ángel González Gómez, ao cal o Alcalde chámalle á orde por segunda vez.

Recorda que o PP a nivel nacional ten un pacto de non aceptar o antitránsfuguismo, porque eso degrada a política, por eso insiste que voten a favor ou se absteñan.

Dase por finalizado o debate e sométese a votación o ditame que acada o seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (3 PSOE (D. Xosé Lois García Carballido, D^a. Noelia Varela Suárez e D^o. Maite Chouciño Calvete)

Votos en contra: -

Abstencións:9 (5 N.A:D.Miguel Ángel González Gómez, D.Faustino Lema Santiago, D^a.Raquel Fondo Pérez, D^a.Ana Pérez Imia e D.Salvador Eiroa Ameijenda, 2 APIN (D.José Manuel Pose Verdes e D.Marco Varela Vidal) e (2 PP (D. Daniel García Cotelo e D^a Marta Carrillo Aguiar)

Polo que o Pleno aproba

PRIMEIRO.- Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local do día 20/05/2020 polo que se aproba participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) <<POS+ ADICIONAL 2/2020>> da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	157.022,90 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
TOTAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	157.022,90 €	0,00 €	157.022,90 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	157.022,90 €	0,00 €	157.022,90 €

SEGUNDO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

TERCEIRO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

CUARTO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

6.- Proposta de Alcaldía REC 1-2021. Exp 2021/X999/000093

Pola presidencia dáselle a palabra á secretaria da Corporación que procede á lectura do ditame, que no seu teor literal di:

“(…)EXPEDIENTE NÚMERO 2021/X999/000093

PROPOSTA DE ALCALDÍA

VISTO que xa iniciado o exercicio 2021 tiveron entrada no Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso diversas facturas presentadas por acreedores municipais correspondentes a prestacións efectivamente realizadas no exercicio 2020.

VISTO que, ao abeiro do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais (art. 176) e do RD 500/1990, de 20 de abril (artigo 26), con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario a excepción de, entre outros supostos, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril (recoñecemento extraxudicial de créditos) ás cales se aplicarán aos créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento.

VISTO que, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (artigo 13.2.e) e coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (artigo 10.2.e), non poderán obter a condición de beneficiario as entidades que non se atopen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

VISTA a providencia de inicio de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos número 1/2021.

VISTO o informe da interventora municipal referencia LMR EXTRAXUDICIAL 1/2021, asinado o 18.03.2021.

Por todo o anterior, PROPOÑO ao Pleno da Corporación:

1 A aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial número 1/2021 conformado polas seguintes facturas:

Nº de Entrada// Data	Nº de Documento// Data Dto.	Import e Total	Nome	Texto Explicativo	Pro g.	Econ
F/ 2020/548 04/03/2020	01181 27/02/2020	1.356,04	CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE E BENESTAR	Aportación xantar na casa outubro, novembro e decembro 2019	231	45000
F/2021/17 06/01/2020	4003025516 31/12/2020	579,62	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y	Carta Certificada GE 0 - 20 gr N D1(GRANDES	920	22201

1			TELEGRAFOS, S.A.	CIUDADES) G-0 (01 EXENTO) / Carta Certificada GE 0 - 50 gr D1(GRANDES CIUD		
F/ 2021/106 08/01/202 1	220200279 31/12/2020	260,94	CONSELLERIA DO MAR	Ocupación peirao Corme 184 días 28,75 m cadrados.	150	22501
F/ 2021/107 08/01/202 1	220200280 31/12/2020	61,71	CONSELLERIA DO MAR	Ocupación peirao Corme. Venres mercado Praza da Ribeira.	150	22501
F/ 2021/108 08/01/202 1	220200281 31/12/2020	26,93	CONSELLERIA DO MAR	Ocupación peirao Corme. Consumo de auga.	150	22501
F/ 2021/109 08/01/202 1	220200282 31/12/2020	104,62	CONSELLERIA DO MAR	Ocupación peirao Corme. Consumo de enerxía eléctrica.	150	22501
F/ 2021/112 18/01/202 1	A 2020/A/2201208 4 31/12/2020	97,03	REDES DE TELECOMUNICA CION GALLEGAS, S.A.	60 Servizos RESGAL outubro, novembro e decembro.	136	22200
F/ 2021/385 03/03/202 1	08 200400478 28/02/2021	66,90	ESPINA & DELFIN, S.L.	DATOS DO SUBMINISTRO ANO 2020 : Titular del contrato: C- PROTECCION CIVIL PONTECESO	160	22501
F/ 2021/386 03/03/202 1	08 200400712 28/02/2021	7,57	ESPINA & DELFIN, S.L.	DATOS DO SUBMINISTRO ANO 2020 : Titular del contrato: C-CASA DOS VECIÑOS CORME ALDEA	160	22501
F/ 2021/387	08 200402551	1.628,6 1	ESPINA & DELFIN, S.L.	DATOS DO SUBMINISTRO	160	22501

03/03/2021 1	28/02/2021			ANO 2020 : Titular del contrato: C-EDAR CORME		
F/ 2021/388 03/03/2021 1	08 200401622 28/02/2021	204,66	ESPINA & DELFIN, S.L.	DATOS DO SUBMINISTRO ANO 2020 : Titular del contrato: C-COLEGIO AS FORCADAS	160	22501
F/ 2021/389 03/03/2021 1	08 200401908 28/02/2021	7,86	ESPINA & DELFIN, S.L.	DATOS DO SUBMINISTRO ANO 2020 : Titular del contrato: C-PLAYA DE LA HERMIDA (DUCHAS)	160	22501
F/ 2021/390 03/03/2021 1	08 200401621 28/02/2021	6,12	ESPINA & DELFIN, S.L.	DATOS DO SUBMINISTRO ANO 2020 : Titular del contrato: C-COLEGIO PRIMARIA PONTECESO	161	22501
F/ 2021/391 03/03/2021 1	08 200402550 28/02/2021	260,52	ESPINA & DELFIN, S.L.	DATOS DO SUBMINISTRO : Titular del contrato: C-BOMBEO TANQUE DE TORMENTAS	161	22501
F/ 2021/392 03/03/2021 1	08 200401909 28/02/2021	10,76	ESPINA & DELFIN, S.L.	DATOS DO SUBMINISTRO ANO 2020 : Titular del contrato: C-PLAYA DEL OSMO	161	22501
F/ 2021/393 03/03/2021 1	08 200402561 28/02/2021	8,15	ESPINA & DELFIN, S.L.	DATOS DO SUBMINISTRO ANO 2020 : Titular del contrato: C-CONCELLO DE PONTECESO	161	22501
F/ 2021/431 05/03/2021	955 25/02/2021	2.075,04	CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE	Aportación xantar na casa outubro, novembro e	231	45000

1			IGUALDADE E BENESTAR	decembro 2020.		
	TOTAL	6.763,0 8				

(...)"

O Señor Alcalde pide o voto favorable para este punto.

Toma a palabra o voceiro de APIN, D. José Manuel Pose Verdes, que di que por fin chegou un extraxudicial ao Pleno que ten tódalas formas dun extraxudicial xa que son facturas que chegaron a final de ano e que por temas burocráticos non se poideron pagar, e para eso están os extraxudiciais.

Últimamente se está culpando a oposición de que non se lle paga aos autónomos pero indica que se se fixan nos extraxudiciais do ano pasado, tódalas facturas que van no extraxudicial, todas, teñen problemíñas. Pon como exemplo unha mesma obra ou servizo que está dividida en dúas porque se fora unha soa factura sería un contrato maior e habería que licitar, polo que eles non poden aprobar algo que é ilegal e recórdalle ao Señor Alcalde cómo se chama eso, prevaricación administrativa.

Continúa dicindo que todas esas facturas sempre van aparecer en tódolos extraxudicias e non deberían aparecer., aínda que recorda que en decembro o Señor Alcalde pagou unha serie de facturas sen pasar por un extraxudicial, e sen embargo vai poñer outras facturas no POS deste ano polo que Señor Alcalde págalle a quen quere. Tamén se pagan facturas antes de finalizar o servizo, e todo isto tamén se chama prevaricación. O tema do pago dos autónomos non é culpa deles e insiste que se vostede marchara esto poderíase solucionar de dúas maneiras, indo á xustiza ou comelo con guisantes. Pregúntase se son eles os que paralizan o concello ou se é o Señor Alcalde, facendo alusión a unhas declaración que fixo o Señor Alcalde de que ningún concelleiro pode roubar o futuro nin creerse intocable e recórdalle o voceiro de APIN ao Señor Alcalde que o Señor Alcalde tamén é un concelleiro e que non se sinta intocable.

Toma a palabra o voceiro do PP, Sr. García Cotelo, que di que casi todo xa dixo o voceiro de APIN, e defende que non lle parece correcto este extraxudicial, se tendo uns orzamentos perfectamente feitos, os mellores da historia de Ponteceso, que se recorra a extraxudiciais. Insiste que o contar cunha maioría absoluta pensaba o Señor Alcalde ir gobernando a base de extraxudiciais, e saíulle mal, había que facer as partidas correspondentes e poder ir pagando. Conclúe que se quere pagar os provedores que lles pague, e recórdalle ao Señor Alcalde que non faga crer que a xente cre o que él queira que crean, que eles tamen toman o café aquí, tamén falan con xente, tamen fan a compra aquí. E insiste que neste Concello hai provedores de primeira, de segunda e que hai provedores que levan máis de 6 anos sin cobrar. Polo tanto, o PP non vai aprobar ningún extraxudicial e recoméndalle ao Señor Alcalde que busque os apoios na maioría absoluta, nos seus compañeiros do PSOE, se non os ten ,será o problema do Sr Alcalde ,non do PP.

Toma a palabra o Sr Alcalde e di que ademáis do que recolle o informe de Intervención, quere que conste en acta as responsabilidades de toda a orde, incluídas as responsabilidades económicas que pode incurrir os que por razón alleas aos asuntos tratados no Pleno e sin presentar alternativas á Proposta de Alcaldía, voten en contra aos pagos, xa que neste caso pode acarrear a perda de fondos ao deixar ao Concello como deudor. Reitera que no literal da proposta de Alcaldíae na Lei non poden ser beneficiarios de subvencións os que figuren como deudores coa Administración, polo que pide responsabilidade.

Insiste se non se vota a favor, o Concello figurará como deudor e non recibirá subvencións da Xunta.

Pide que dean solucións, non den máis problemas.

(o Sr Salvador Eiroa Ameijenda pide a palabra varias veces).

Toma a palabra o voceiro de APIN, o Señor Pose Verdes que di como é posible que lles estea pedindo os votos a favor e os ataque desa maneira e quede tan ancho; esto mesmo é o que ocorreu co POS.

Toma a palabra o voceiro do PP, o Sr García Cotelo e insiste que o problema é que o Sr Alcalde é o Presidente da Mesa non o voceiro e o que debe facer é non incumplir o ROM reiteradamente, e insiste que se o Señor Alcalde non ten a maioría absoluta é o problema do Sr Alcalde, e recorda que ningún concelleiro é intocable polo que o Sr Alcalde tampouco.

Toma a palabra o concelleiro non adscrito, D.Salvador Eiroa Ameijenda, e di que non fai falta ningún extraxudicial , posto que a factura é de 6.000 euros.

O Sr Alcalde insiste que o que parece que se quere e que se perdan as subvencións.Intervén no medio o concelleiro non adscrito D. Salvador Eiroa Ameijenda e chámalle á orde por segunda vez o Sr Alcalde.

O Señor Alcalde segue explicando que non lle vale de nada seguir castigando aos autónomos. Recorda que lle parece moi mal que se fale de prevaricación, sabendo que cando eles entraron no goberno non había nada licitado, e aconsella mirar o perfil do contratante, pero para que se poida licitar ten que haber unha tranquilidade. Recorda o traballo dos funcionarios en convocatorias de plenos inútiles e insiste que está recordando como sería o Concello se houberse tranquilidade. Traer tres veces a un Pleno o pago de facturas e non aprobalas, esto perxudica o funcionamento do Concello.

A concelleira do PP, D^a. Marta Carrillo Aguiar insiste en que conste en acta que por favor cumpla o ROM dado que o icumple de forma reiterada, e interven o voceiro do PP, o Señor García Cotelo que di que a portavoz do PSOE non é o Señor Alcalde.

O Sr Alcalde continúa explicando os extraxudicias da época do tripartito. Pregunta por qué agora non se pode seguir agora con ese funcionamento.

Interven o voceiro de APIN, o Señor Pose Verdes e recorda o tema da auga, que non entende porque agora ten que vir outra empresa facer o que xa estaba feito.

Recorda que saíu na prensa unha empresa comentando que para amañar certos servizos ofrecera un presuposto por 25.600€ e resulta que o día anterior hai unha resolución de Alcaldía na que se aproba un contrato menor por 14.800€

Toma a palabra a concelleira non adscrita, D^o. Ana Pérez Imia, que non entende porque hai facturas que ían no extraxudicial, e resulta que unha desas empresas saíu na prensa que cobrou polo seu traballo, e o día anterior firmou o contrato da auga

Empeza unha discusión entre o Señor Alcade e ésta e volve chamala a orde.

O Señor Alcalde segue explicando os proceso de licitación.

Intervén o voceiro do PP sen ter palabra, o que o Señor Alcalde chámalle a orde por terceira vez e o voceiro dice que que esto non é democracia, dado que o Presidente non cumpre o ROM; falta o respecto, non é o voceiro e fala máis de 5 minutos sen respetar os turnos, non chegando a saír da sala..

Iniciáse un altercado e a concelleira do PP, D^a Marta Carrillo Aguiar esixélle a Secretaria que conste en acta que o Señor Alcalde non cumpre o ROM e que pasa polo “arco do triunfo” que hai xente coa man levantada e que non lle da a palabra.

O Sr Alcalde quere dar por finalizado o debate e someter o ditamen a votación ao que a Secretaria indica que o Sr Alcalde debe dicir se o voceiro do PP está expulsado ou non, posto que de estar expulsado non pode votar. O Sr Alcalde non quere continuar, facendo caso omiso da advertencia de secretaría , pero dado que non confirma a expulsión do voceiro do PP, este continúa na sala e sométese a votación:

Sométese a votación a proposta de Alcaldía

Votos a favor: 5 (3 PSOE (D. Xosé Lois García Carballido, D^a. Noelia Varela Suárez e D^o. Maite Chouciño Calvete) e 2 APIN (José Manuel Pose Verdes e Marco Varela Vidal)

Votos en contra: 7 (5 N.A: Miguel Ángel González Gómez, Faustino Lema Santiago, Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda, e (2 PP (D. Jesús Daniel García Cotelo e D^a Marta Carrillo Aguiar)

Abstencións:-

Por parte de Secretaría faise constar en acta a advertencia reiterada ao Alcalde de que cumpla os turnos fixados no ROM e a obriga de dar a palabra así como a negativa a dicir se o voceiro do PP estaba expulsado ou non, coa chamada á orde por terceira vez.

Faise un receso de 3 minutos.

PARTE DE CONTROL.

DACIÓN DE CONTA : das resolucións da alcaldía dende a número 20/2021 do 16/01/2021 (exp: 2020/G003/000028 ata a número 182/2021 do 23/03/2021(exp. 2021/G003/000194)

MOCIÓN DE URXENCIA.

1.- MOCION , SOLICITUDE DE DESPACHO PARA GRUPO MUNICIPAL DE PP DE PONTECESO E CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

Por parte da Secretaria municipal advirtese de contido da dilixencia de secretaría onde se indica que esta moción debería deixarse enriba da mesa dado que non é competencia plenaria ,pero de non facelo farase constar en acta. Asi mesmo , a Secretaria indica que o primeiro que procede é votar a urxencia da moción, que debe obter a maioría absoluta, e posteriormente procederase ao debate.

“(…) MOCION , SOLICITUDE DE DESPACHO PARA GRUPO MUNICIPAL DE PP DE PONTECESO E CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

*Jesus Daniel García Cotelo con DNI-76365785N Portavoz del grupo Municipal del Partido Popular.
Expone*

En el Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales en sus Artículos 27 y 28 dice:

Art.27

En la medida de las posibilidades funcionales de la organización administrativa de la entidad local, los diversos grupos políticos dispondrán en la sede de la misma de un despacho o local para reunirse de manera independiente y recibir visitas de ciudadanos, y el Presidente o el miembro de la Corporación responsable del área de régimen interior pondrá a su disposición una infraestructura mínima de medios materiales y personales.

Art.28

- 1. Los grupos políticos podrán hacer uso de locales de la Corporación para celebrar reuniones o sesiones de trabajo con asociaciones para la defensa de los intereses colectivos, generales o sectoriales de la población.*
- 2. El Presidente o el miembro corporativo responsable del área de régimen interior establecerán el régimen concreto de utilización de los locales por parte de los grupos de la Corporación, teniendo en cuenta la necesaria coordinación funcional y de acuerdo con los niveles de representación política de cada uno de ellos.*
- 3. No se permitirá este tipo de reuniones coincidiendo con sesiones del Pleno o de la Comisión de Gobierno.*

Además, redundando en lo anterior, el 15 de diciembre de 2009, la Comisión Ejecutiva de la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) aprobó por unanimidad de todos los grupos políticos integrantes de la misma, el Código del Buen Gobierno Local, que recoge los principios de transparencia y ética pública, junto a medidas para mejorar la gestión y calidad de la democracia local.

El texto de dicho Código del Buen Gobierno Local, que fue remitido a todos los Gobiernos Locales españoles para que en uso de su autonomía lo ratificaran y lo incorporasen a su normativa propia, venía a indicar, entre otras cuestiones, lo siguiente: «Los diversos Grupos Políticos dispondrán en dependencias municipales de un despacho o local para reunirse y recibir visitas, poniendo el Alcalde/sa a su disposición los medios materiales y humanos que permita el Presupuesto...»

Por todo lo expuesto anterior mente:

Solicita

*Que se le asigne al grupo del Partido Popular y a los concelleiros no adscritos un despacho en las instalaciones Ayuntamiento para ejercer su labor. Este despacho debe de ser lo suficiente amplio para poder estar con las medidas de seguridad COVIT-19 Siendo la más adecuada la oficina de la parte antigua del Ayuntamiento en la cual se encuentra servicios sociales. A su vez hay que ubicar al personal funcionario de esa oficina en otra que disponga el señor Alcalde. El plazo adecuado para la organización del mismo, DIEZ días hábiles desde la fecha de aprobación de esta MOCIÓN
Un espacio adecuado*

PRIMERA. - Poner a disposición del Grupo Popular y a los Concelleiros no adscritos un despacho adecuado al número de concejales que lo componen; éste estará en el Ayuntamiento de Ponteceso. Rúa Concello, 18, 15110 Ponteceso, A Coruña

Medios del despacho

SEGUNDA. - Dicho despacho debe estar dotado de los medios materiales e informáticos necesarios para poder llevar a cabo nuestra labor de una manera eficiente. Esto es: Teléfono fijo, ordenador con conexión a internet, impresora operativa y mobiliario necesario para el trabajo y la

atención al público. Cabe reseñar en este apartado la necesidad de el buen acceso para todo tipo de personas (movilidad reducida o discapacidad)

Equipo informático

TERCERA. - El equipo informático debe tener conexión a internet. Dicho equipo debe estar dotado igualmente de los programas de Office, Word, Excell, Autocad, Adobe Acrobat, Gestión de imágenes...etc necesarios para realizar nuestro trabajo eficientemente. Este equipo debe tener capacidad y operatividad suficiente para todo ello.

Consumibles

CUARTA. - Se apoyará a dicho despacho con el material consumible para poder trabajar con normalidad(...)"

O Señor Alcalde pregúntalle ao voceiro do PP se continúa de acordo en presentar esta moción a pesar da dilixencia de Secretaría, este confirma que mantén a súa moción.

DILIXENCIA DE SECRETARÍA:

“

O día de 10 de marzo de 2021 D. Jesús Daniel García Cotelo, voceiro do G.M. do Partido Popular, presenta escrito acompañado dunha moción para elevar ao Pleno relativa á cesión dun despacho para uso do seu Grupo Municipal e dos 5 concelleiros non-adscritos, ao abeiro do establecido nos artigos 27 e 28 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 28 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ponteceso.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- ÓRGANO COMPETENTE

A lexislación aplicable neste caso recóllese nos artigos 27 e 28 do ROF, os calos establecen no seu literal:

“Art. 27:

Na medida das posibilidades funcionais da organización administrativa da entidade local, os diversos grupos políticos dispoñerán na sede da mesma dun despacho ou local para reunirse de maneira independente e recibir visitas de cidadáns, e o Presidente ou o membro da Corporación responsable da área de réxime interior poñerá á súa disposición unha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais.

Artigo 28

1. Os grupos políticos poderán facer uso de locais da Corporación para celebrar reunións ou sesións de traballo con asociacións para a defensa dos intereses colectivos, xerais ou sectoriais da poboación.
2. O Presidente ou o membro corporativo responsable da área de réxime interior establecerán o réxime concreto de utilización dos locais por parte dos grupos da Corporación, tendo en conta a necesaria coordinación funcional e de acordo cos niveis de representación política de cada un deles.

3. Non se permitirá este tipo de reunións coincidindo con sesións do Pleno ou da Comisión de Goberno.”

Así mesmo, esta regulación complétase co artigo 21.1 da Lei 7/85 que establece as competencias atribuídas á Alcaldía do seguinte modo “1. O Alcalde é o Presidente da Corporación e ostenta as seguintes atribucións; a) Dirixir o goberno e a administración municipal.....s) As demais que expresamente lle atribúan a leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais.”,

En igual senso se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, nos seus artigos 61.1.b) e s).

A Lei 40/2015, de 1 do outubro, do réxime xurídico do Sector Público, no seu artigo 9 establece: “1. A competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis.”

Así mesmo o artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas establece: “ Os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes:.....b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.”

Polo tanto, a asignación de despachos ou locais aos grupos municipais dentro das disponibilidades do Concello é unha competencia que lle corresponde ao alcalde, como presidente da Corporación, o cal ostenta as competencias de dirixir o goberno e a administración municipal, ao abeiro do establecido nos artigos 27 e 28 do ROF, e artigo 21 da Lei 7/85, LBRL e 61.1.b e s da Lei 5/1997, de 22 de xullo da administración local de Galicia. No caso que se adoptase algún acordo por parte do Pleno da Corporación, este estaría invadindo unha competencia nata e propia do Alcalde, polo que incurriría en nulidade de pleno de dereito de acordo co artigo 47 da Lei 39/2015.

Segunda.- Requisitos formais da moción

A cuestión de se os membros corporativos poden formular calquera tipo de mocións diante do Pleno que versen sobre calquera materia mesmo aínda que a competencia sobre a mesma corresponda a outros órganos e se neste caso procede ou non a súa tramitación resolveuna a xurisprudencia, sinalando a Sentenza do TS do 17 de febreiro de 2004, na cal se razoa o seguinte:

“Si bien es cierto que la declaración de urgencia de una moción corresponde al Pleno, como la Sala de Instancia refiere y prescribe el artículo 97.3 del Reglamento de Organización y Funcionamiento de las Corporaciones Locales, sin embargo el que el Pleno haya declarado la urgencia de las mociones ello no impide el que se pueda y deba analizar si el contenido de las mismas es o no competencia del Pleno, o del Alcalde, pues si la competencia para las mismas está atribuida al Alcalde, no se podían ni se pueden en Pleno analizar tales mociones, aunque hayan sido declaradas urgentes, pues la posibilidad de las mociones de urgencia a que se refiere el artículo 97 citado lo son sólo y exclusivamente para aquellas cuestiones que sean de la competencia del Pleno y por tanto no se pueden utilizar para privar al Alcalde de sus competencias.

...Por último se ha de señalar también, que si bien es cierto, como la Sala de Instancia refiere, que la declaración de urgencia corresponde al Pleno y a esa valoración al menos en principio, se ha de estar, pues así lo prevé la norma, no hay que olvidar que ello no autoriza a que por la vía de declaración de urgencia, se trate de alterar el régimen de competencias establecido en las normas sobre el régimen local, ni a que se traten asuntos, que, o no son urgentes, o que exijan unos trámites previos; informes que impidan el que los Concejales conozcan los asuntos y puedan emitir fundadamente su opinión, como esta Sala ha declarado, entre otras en sentencias de 15 de septiembre de 1987, 9 de mayo de 1995, 1 de marzo de 2000, 25 de marzo de 2003 y 1 de abril de 2003, por lo que la declaración de urgencia puede ser revisada, en los términos más atrás citados, reconociendo obviamente al Pleno el derecho, a declararla, siempre que se trate

de competencias del Pleno, se haga la justificación oportuna, no se impida o afecte el derecho de los Concejales a conocer y tener los datos suficientes para emitir su voto, y, tratarse de asunto que, se pueda, cuando menos objetivamente, estimar que eso puede ser urgente....”

Tendo en conta o anterior e á vista do escrito presentado polo voceiro do GM do Partido Popular, o mesmo non se podería considerar como moción de urxencia, posto que a mesma está invadindo unha materia reservada ao Alcalde , incurrindo en vicio de nulidade de pleno dereito tal como se anticipou no considerando primeiro do informe, conforme o artigo artigo 47.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, ao ser ditado por órgano manifestamente incompetente por razón da materia.

En igual modo, en aras do principio de conservación do acto administrativo recollido no artigo 50 da LPACAP 39/2015, a mesma podería ser reconducida como un “Rogo dirixido á Alcaldía”, como órgano municipal no que reside a competencia, e incluírse na parte de control do pleno ordinario conforme o artigo 91.4 do ROF

Terceira.- Fondo do asunto

O dereito dos grupos municipais a dispoñer dun despacho ou local na sede municipal, recoñécese nos artigos 27 e 28 do ROF, que establecen que o mesmo está condicionado do seguinte modo:

“Na medida das posibilidades funcionais da organización administrativa da entidade local”, “poñerá á súa disposición unha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais” e “tendo en conta a necesaria coordinación funcional e de acordo cos niveis de representación política de cada un deles”

Por outra banda, O Regulamento Orgánico Municipal, no seu artigo 13 establece en relación cos concelleiros non adscritos: “2. Os concelleiros non adscritos, calquera que sexa o número, non poderán integrarse noutro grupo político nin constituílo, polo que desenvolverán de forma illada a súa actuación corporativa.

3. O concelleiro non adscrito só terá os dereitos económicos e políticos que individualmente lle correspondan como membro da Corporación e estes, en ningún caso, poderán ser superiores aos que lle corresponderían de permanecer no grupo de procedencia.”

Do anterior dedúcese que o Alcalde é quen determinará esa dispoñibilidade, indicando cal sería o local ou despacho a asignar a cada un dos grupos municipais, ou ben compartido por todos eles, ao igual que o seu réxime de utilización (horarios, infraestrutura mínima de medios persoais e materiais dos que poderían dispoñer). No caso de non ter dispoñibilidade e imposibilidade de conceder un local a cada grupo, ou un para o seu uso compartido, ben por falta de espazo ou imposibilidade de buscar outros despachos ao persoal dos distintos servizos administrativos municipais, deberá ditar resolución denegando de forma xustificada.

Se ben débese salientar o réxime dos concelleiros non adscritos, dado que o ROM establece que os concelleiros non adscritos deberán desenvolver de forma illada a súa actuación corporativa, polo que o uso de local ou despacho municipal, no caso de ter dispoñibilidade deberá ser para os grupos políticos municipais, dentro dos cales non se encontran os concelleiros non adscritos ao non poder integrarse noutro nin constituír un grupo político propio.

CONCLUSIÓNS:

Á vista das consideracións expostas no informe, o escrito presentado por o voceiro do GM do Partido Municipal , non reúne os requisitos materiais e formais que debe recoller unha moción, dado que a competencia nesta materia recoñécese ao Alcalde de acordo cos artigo 27 e 28 do ROF, 21 da LBRL e 61 da LALGA. No caso de incorporarse como moción de urxencia, previa apreciación da urxencia por maioría absoluta, o acordo incorrería en nulidade de pleno dereito conforme o artigo 47.1.b) da LPACAP.

Porén, o mesmo podería ser reconducido como “Rogo dirixido a Alcaldía”, de acordo co artigo 91.4 do ROF, en virtude do principio de conservación dos actos administrativos recoñecido no artigo 50 da LPACAP

Convén así mesmo, que por parte da Alcaldía, á maior brevidade posible, se analice a dispoñibilidade, indicando cal sería o local ou despacho a asignar a cada un dos grupos municipais, ou ben compartido por todos eles, ao igual que o seu réxime de utilización (horarios, infraestrutura mínima de medios persoais e materiais dos que poderían dispoñer). No caso de non ter dispoñibilidade e imposibilidade de conceder un

local a cada grupo, ou un para o seu uso compartido, ben por falta de espazo ou imposibilidade de buscar outros despachos ao persoal dos distintos servizos administrativos municipais, deberá ditar resolución denegando o mesmo de forma xustificada.”

Sométese a votación a urxencia, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (5 N.A: Miguel Ángel González Gómez, Faustino Lema Santiago, Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda, 2 APIN (José Manuel Pose Verdes e Marco Varela Vidal) e (2 PP (D. Daniel García Cotelo e D^a Marta Carrillo Aguiar)

Votos en contra: 3 (3 PSOE (D. Xosé Lois García Carballido, D^a. Noelia Varela Suárez e D^o. Maite Chouciño Calvete)

Abstencións:

Apróbase a urxencia, con 9 votos a favor

Toma a palabra o voceiro do PP, o Sr García Cotelo que inicia a súa exposición dicindo que para poder reunirse e facer ben o seu traballo e evitar estar reuníndose de maneira ilegal solicitan o que ven recollido na documentación que se adxunta, un despacho.

Recorda que esto xa o fixo chegar no seu día por unha instancia e non tivo resposta e por iso non quedou máis remedio que presentar unha moción de urxencia, e por suposto pódese incluír ao resto dos concelleiros se así o queren.

Recorda tamén que debe ser só o Concello de Ponteceso o que non conta cun local no que reunirse os concelleiros da oposición. Insiste que non aparece na moción, pero tamén necesitarán unha chave da entrada do Concello, ou alguén que lles abra a porta cando o necesiten, porque ó estar os concelleiros da oposición traballando, o seu horario non coincide cando o Concello esté aberto.

Espera que se acepte, para que se vexa a boa actitude do Señor Alcalde.

Toma a palabra a voceira do Grupo municipal do PSOE, D^a. Noelia Varela Suárez que di que pedir o despacho de Servizos Sociais non o entende; pregunta se van atender eles os dependentes, ou se queren o despacho para reunirse e boicotear. O despacho ao que se refiren esta ocupado pola técnica de servizos sociais e con expedientes de dependencia, insiste que lle parece un abuso, dado que elas como concelleiras están traballando e intentando levar adiante o Concello como poden e non teñen despacho.

O voceiro do PP respóndelle á voceira do PSOE dicindo que eles piden un despacho porque a Lei di que poden solicitar un despacho nada máis. Insiste que na instancia se solicita que reubiquen as funcionarias noutro despacho, e que respecto aos expedientes incluso eles os poden necesitar tamén, e como están nun país libre pois insiste que o equipo de goberno non lle pode parecer mal isto. Se o Sr Alcalde respondera á primeira solicitude non sería necesaria esta moción. Continúa dicindo que a oposición ten o mesmo dereito de atender á xente que o equipo de goberno, e dado que o Sr Alcalde non está, quizás sexa momento de que haxe algún político no concello, dado que isto é a casa de todos, non a casa privada de ninguén.

A voceira do PSOE, por alusións, di que eles non piden un despacho amplo, o que piden é o despacho de Servizos Sociais e pregunta onde pretenden colocar as técnicas. É mentira que non estén con Concello e insiste que ela xa intentou dialogar pero que é difícil. Reafirma que os Servizos Sociais teñen que estar no Concello que é máis importante que os políticos.

Respondendo, o voceiro do PP indica que non están pedindo nada que non lle corresponda. Un despacho equipado con AUTOCAD para facer a súa labor, que en ningún momento falan de botar os Servizos Sociais do Concello.

Toma a palabra o Sr Alcalde e pregúntalle se sabe él o que é o AUTOCAD, e para que o necesita. Recórdalle que na moción pide un despacho para o PP e para non adscritos, e explica como dixo a concelleira D^a. Noelia Varela Suárez, que quere sacar do despacho ás traballadoras sociais que levan máis de 15 anos no despacho pedindo un programa de AUTOCAD, que nin o ten o despacho do Arquitecto Municipal. Con que cartos se vai poñer o AUTOCAD, que vale entre 2000 e 3000 euros ao ano que é un programa que o teñen os despachos de arquitectura .

Informa que o Concello non conta con despachos e que o reparto dos despachos ten a competencia a Alcaldía , non o Pleno.

Finalizado o debate sométese a votación a moción, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (5 N.A: Miguel Ángel González Gómez, Faustino Lema Santiago, Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda e (2 PP (D. Daniel García Cotelo e D^a Marta Carrillo Aguiar)

Votos en contra: 3 (3 PSOE (D. Xosé Lois García Carballido, D^a. Noelia Varela Suárez e D^o. Maite Chouciño Calvete)

Abstencións: 2 APIN (José Manuel Pose Verdes e Marco Varela Vidal)

Polo que o Pleno aproba

PRIMERA. - Poner a disposición del Grupo Popular y a los Concelleiros no adscritos un despacho adecuado al número de concejales que lo componen; éste estará en el Ayuntamiento de Ponteceso. Rúa Concello, 18, 15110 Ponteceso, A Coruña

Medios del despacho

SEGUNDA. - Dicho despacho debe estar dotado de los medios materiales e informáticos necesarios para poder llevar a cabo nuestra labor de una manera eficiente. Esto es: Teléfono fijo, ordenador con conexión a internet, impresora operativa y mobiliario necesario para el trabajo y la atención al público. Cabe reseñar en este apartado la necesidad de el buen acceso para todo tipo de personas (movilidad reducida o discapacidad)

Equipo informático

TERCERA. - El equipo informático debe tener conexión a internet. Dicho equipo debe estar dotado igualmente de los programas de Office, Word, Excell, Autocad, Adobe Acrobat, Gestión de imágenes...etc necesarios para realizar nuestro trabajo eficientemente. Este equipo debe tener capacidad y operatividad suficiente para todo ello.

Consumibles

CUARTA. - Se apoyará a dicho despacho con el material consumible para poder trabajar con normalidad.

2. MOCIÓN URXENTE QUE PRESENTA O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE APIN PARA A DERROGACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL E O INICIO DO EXPEDIENTE PARA A APROBACIÓN DUN NOVO ROM

Toma a palabra a Sra Secretaria advertindo da existencia dunha dilixencia de secretaría que conclúe que o expediente está incompleto, debendo deixarse enriba da mesa, e de non ser atendida farase constar na acta, así mesmo advirte que primeiro do debate procede a votación da urxencia por maioría absoluta.

O voceiro de APIN, procede a lectura da moción, que no seu literal di:

“(…)MOCIÓN URXENTE QUE PRESENTA O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE APIN PARA A DERROGACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL E O INICIO DO EXPEDIENTE PARA A APROBACIÓN DUN NOVO ROM

Exposición de motivos

Desde o inicio da presente lexislatura, no Grupo Municipal de APIN marcámonos como obxectivo a realización dunha oposición constructiva, fiscalizando e controlando a actuación dos órganos de goberno e condicionando todas as nosas propostas aos principios de defensa dos intereses dos veciños e veciñas de Ponteceso, da súa participación nos asuntos públicos, da participación política dos membros da Corporación e do pluralismo político.

Na anterior lexislatura e de forma máis acentuada na presente, puidemos comprobar como a conducta do Alcalde, lonxe de fomentar os anteriores principios e de procurar a negociación e a búsqueda de consensos, caracterízase por un xestión unipersonal con modos dictatoriais que non só prescinde das propostas dos concelleiros da oposición senón que directamente as silencia, ou trata de silencialas. Pleno tras Pleno podemos comprobar como o Alcalde, abusando das prerrogativas que a normativa lle concede como Presidente da sesión, dirixe e modera dun xeito arbitrario, concedendo ou retirando a palabra ao seu antollo e limitando as intervencións dos concelleiros, e mesmo dos habilitados estatais, dunha forma absolutamente caprichosa.

Un dos instrumentos dos que se vale o Alcalde para limitar os dereitos dos concelleiros da Corporación é o Regulamento Orgánico Municipal, que presenta un carácter marcadamente presidencialista. É necesario recoñecer, sen embargo, que este mesmo ROM cun Alcalde diferente podería ser aplicado de xeito perfectamente respectuoso cos principios de participación e pluralismo político. É dicir, este ROM podería ser unha norma plural e participativa se a persoa á que se lle conceden as prerrogativas dispuxese destas virtudes. Pero este ROM en mans de Lois García Carballido é unha trituradora de dereitos.

Por outra banda, resulta evidente que o contido material do ROM vixente precisa de ser actualizado. Desde o ano da súa aprobación, produciuse no seo de todas as administracións públicas unha profundización nos mecanismos de participación cidadá aos que o Concello de Ponteceso non pode permanecer alleo. É a nosa obriga escoitar á veciñanza e para iso debemos arbitrar todos os mecanismos para facilitalo.

Moción

Por todo iso, o voceiro do Grupo Municipal de APIN do Concello de Ponteceso presenta para a súa aprobación en Pleno, os seguintes acordos:

- 1.- Derrogación do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ponteceso.*
- 2.- Inicio do expediente para a aprobación dun novo Regulamento Orgánico Municipal (...)*

Sométese a votación a urxencia, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (5 N.A: Miguel Ángel González Gómez, Faustino Lema Santiago, Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda, 2 APIN (José Manuel Pose Verdes e Marco Varela Vidal) e (2 PP (D. Daniel GARCIA Cotelo e D^a Marta Carrillo Aguiar)

Votos en contra: 3 (3 PSOE (D. Xosé Lois García Carballido, D^a. Noelia Varela Suárez e D^o. Maite Chouciño Calvete)

Abstencións:

Polo que se ratifica a uxencia por 9 votos a favor.

DILIXENCIA DE SECRETARÍA:

“Antía Pena Dorado, secretaria do Concello de Ponteceso, estende esta dilixencia para facer constar que con data 26.03.2021 RE(20210000000435) presentouse por parte do concelleiro non adscrita , don Jose Manuel Pose Verdes, moción para a derogación do ROM e inicio

De conformidade co disposto nos artigos 22, 47, 49 e 70.2 da Lei 7/85 a derogación do Regulamento orgánico municipal require unha tramitación previa conforme o esquema seguinte:

Providencia de Alcaldía (ou órgano plenario) no que se acorde o inicio do expediente indicando a súa motivación.

Informe preceptivo de secretaría.

Polo Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, aprobarase, por maioría absoluta, inicialmente a derogación ROM, e abrírase un período de información pública por un prazo mínimo de trinta días, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. O Acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Simultaneamente, publicarase no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados

B. Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas. A aprobación definitiva corresponde ao Pleno, de conformidade co disposto polos artigos 22.2.d) 47 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, previo Ditame da Comisión Informativa.

C. No caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial da derogación da Ordenanza no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo até entón provisional, estendéndose por esta Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

D. O Acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita] da derogación do Regulamento orgánico municipal, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E. O Concello debe remitir á Administración do Estado e ao Departamento competente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a derogación, copia do Acordo definitivo de derogación, ou no seu caso, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada dos mesmos.

CONCLUSIÓNS:

O pleno non pode derogar automaticamente o ROM, senón que debe axustarse ao procedemento legal, advertindo o acordó que se adopte debería entenderse como de inicio do expediente, se o pleno decide obviar toda esta tramitación, a adopción do acordo, no seu punto primeiro, podería incardinarse nun suposto de nulidade administrativa dacordo co artigo 47.1 e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por adoptar un acordo prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.

Por outra banda, o punto segundo da moción propón o inicio do da elaboración dun novo Regulamento orgánico municipal, sendo a súa consecuencia, previa tramitación administrativa e informe preceptivos, a derogación do actual Regulamento orgánico municipal."

Toma a palabra o voceiro de APIN e di que esta moción está presentada para que o Sr Alcalde non siga na actitude dos últimos plenos, tendo unicamente él a palabra, polo que entende que é necesario derogar o ROM e preparar un expediente novo para facer un novo ROM, facendo un máis participativo.

Toma a palabra o voceiro do PP, o Sr García Cotelo e conclúe que o problema non é o ROM, porque vai haber outro ROM e o Sr Alcalde vaino saltar igual, recalcando que o Sr Alcalde non é o voceiro do PSOE, debendo respetar os turnos.

Toma a palabra a concelleira non adscrita D^a. Ana Pérez Imia que di que se se cumprira o ROM non faría falla facer nada disto, e insiste que o Sr Alcalde debería moderar os debates sendo a voceira a Sra Varela Suarez.

Toma a palabra o Sr Alcalde dicindo que van votar en contra porque coa situación que ten Ponteceso, coa pandemia que temos que a única moción que traían sexa modificación do ROM, eso a cidadanía non lle interesa. A cidadanía interésalle que se perdera o Plan Social. Hai que mirar polo interés xeral non polo interés particular.

Recórdalle que non é prioritario cambiar o ROM porque por moito que o intente o Sr Alcalde vai continuar contando as verdades.

Toma a palabra o voceiro de APIN, o Sr Pose Verdes e recalca que o Señor Alcalde non vai contar verdades senón as súas verdades. Non entende que relación hai entre a pandemia e a

modificación do ROM. Recorda que o Sr Alcalde tamén cobra polos Plenos, e o único que se quere con esta moción é que o Pleno funcione.

Sométese a votación a moción, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (5 N.A: Miguel Ángel González Gómez, Faustino Lema Santiago, Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda e 2 APIN (José Manuel Pose Verdes e Marco Varela Vidal)

Votos en contra: 3 (3 PSOE (D. Xosé Lois García Carballido, D^a. Noelia Varela Suárez e D^o. Maite Chouciño Calvete)

Abstencións: 2 PP (D. Daniel Garcia Cotelo e D^a Marta Carrillo Aguiar)

Polo que o Pleno Aproba:

PRIMEIRO.- Derrogación do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ponteceso.

SEGUNDO.- Inicio do expediente para a aprobación dun novo Regulamento Orgánico Municipal

1. **MOCIÓN URXENTE QUE PRESENTA O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE APIN PARA PROPOÑER UNHA SERIE DE OBRAS A INCLUIR NO PLAN UNICO DO CONCELLO DE PONTECESO ASI COMO NUNHA PROPOSTA DE SUBVENCIION NOMINATIVA A SOLICITAR Á DEPUTACION DE A CORUÑA**

O voceiro de APIN, procede a lectura da moción que no seu teor literal di:

“Exposición de motivos

O Alcalde de Ponteceso , Sr. Lois Carballido ,levou ao concello unha situación insostible no tema do Plan Unico 2021. Él e solo él é o culpable da situación na que nos atopamos.Hai que lembrar que o citado plan foi aprobado pola Deputacion de A Coruña en novembro de 2020 e logo de que houbese unha comisión informativa na que entre outros temas APIN falou dunha serie de obras que entendia necesarias e das que se debería facer polo menos unha memoria valorada para levar ao Plan , houbo mais grupos que fixeron propostas.

Sin máis comisions informativas o sr. Alcalde convoca pleno para aprobar o Plan Unico o ultimo día do prazo legal para enviar o proxecto á Deputación.O resultado era evidente. Seguiu na súa teima con dous plenos máis co resultado que todos sabemos.

Sr. Alcalde, liderar un equipo ,sinto decirlllo non é o seu, destrúe todo canto pasa ao seu arredor, é unha autentica trituradora, non soubo nunca , no Concello, facer un equipo, non foi nin é accesible aos concelleiros, non delega, non está aberto ás críticas,non foi nin é capaz de motivar aos seus colaboradores, todos os da anterior lexislatura e os desta eramos e son unha desgracia que tiña vostede e que habia que aguantar porque a lei di que ten que haber concelleiros senon estaríamos borrados do mapa e para simplificar esta exposicion nunca estableceu unhas regras claras para todos e sobre todo para vostede.

E agora que?

Pois atopámonos nunha situación que ninguen quería e que os veciños e veciñas de Ponteceso non merecen .

Sabedores da nosa situación no Pleno con dous concelleiros de trece e intentando coas nosas forzas rematar ben este capítulo bochornoso é polo que presentamos a seguinte

MOCION

1.- REUNIRNOS OS VOCEIROS DOS GRUPOS POLITICOS NESTA MESMA SEMANA PARA PROPOÑER OBRAS PARA O PLAN UNICO E A SUBVENCION NOMINATIVA

2.- DESTINAR A PARTIDA DE GASTO CORRIENTE A OBRAS

3.- DESTINAR 100.000 € DA PARTIDA DE GASTOS SOCIAIS A AXUDAS A AUTONOMOS E HOSTALERIA

4.- SOLICITAR UNHA REUNION URXENTE CO PRESIDENTE DA DEPUTACION DE A CORUÑA PARA TRATAR O PLAN UNICO E A SUBVENCION NOMINATIVA (...)”

Sométese a votación a urxencia, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (5 N.A: Miguel Ángel González Gómez, Faustino Lema Santiago, Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda, 2 APIN (José Manuel Pose Verdes e Marco Varela Vidal) e (2 PP (D. Daniel GARCIA Cotelo e D^a Marta Carrillo Aguiar)

Votos en contra: 3 (3 PSOE (D. Xosé Lois García Carballido, D^a. Noelia Varela Suárez e D^o. Maite Chouciño Calvete)

Abstencións:-

Iniciase un debate sen ningún tipo de orde , na que toma a palabra a concelleira non adscrita, D^a. Ana Pérez Imia que indica que está dacordo co contido da moción, para que non se perdan os cartos. O único que se pide e unha reunión co presidente da Deputación, solicitude que non tivo resposta nin APIN, nin o PP, nin os non adscritos.

Toma a palabra o voceiro do PP, o Señor García Cotelo que di que na reunión de voceiros parece que non había problema para incluír obras. Recorda que se solicitou unha reunión na Deputación o 08-03-2021 e esperan a resposta, para explicar o que está pasando no Concello de Ponteceso, por se non o ten claro.

Continúan varias intervencións por parte do plenario no que se recriminan mutuamente o acontecido na tramitación do POS, non gardando ningún tipo de orde.

Finalizado o mesmo sométese a votación a moción:

Votos a favor: 7 (5 N.A: Miguel Ángel González Gómez, Faustino Lema Santiago, Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda e 2 APIN (José Manuel Pose Verdes e Marco Varela Vidal)

Votos en contra: 3 (3 PSOE (D. Xosé Lois García Carballido, D^a. Noelia Varela Suárez e D^o. Maite Chouciño Calvete)

Abstencións: 2 PP (D. Daniel Garcia Cotelo e D^a Marta Carrillo Aguiar

Polo que o Pleno aproba:

PRIMEIRO.- REUNIRNOS OS VOCEIROS DOS GRUPOS POLITICOS NESTA MESMA SEMANA PARA PROPOÑER OBRAS PARA O PLAN UNICO E A SUBVENCION NOMINATIVA

SEGUNDO.- DESTINAR A PARTIDA DE GASTO CORRIENTE A OBRAS

TERCEIRO.- DESTINAR 100.000 € DA PARTIDA DE GASTOS SOCIAIS A AXUDAS A AUTONOMOS E HOSTALERIA

CUARTO.- SOLICITAR UNHA REUNION URXENTE CO PRESIDENTE DA DEPUTACION DE A CORUÑA PARA TRATAR O PLAN UNICO E A SUBVENCION NOMINATIVA

4.- MOCIÓN DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO, PRESENTADA POR CONCELEIRO NON ADSCRITO D^a RAQUEL FONDO PÉREZ.

Toma a palabra a Secretaria da Corporación que indica a existencia dunha dilixencia de secretaría no que se conclúe e a mesa de contratación permanente solo pode ser modificada para os expedientes nos que o Pleno actúa como órgano de contratación, polo de non ter en conta as consideracións da mesma, farase constar en acta, así mesmo indica a necesidade de proceder a votar a urxencia con carácter previo:

“(…)Moción que presenta a concelleira Dona Raquel Fondo Pérez, na súa condición de non adscrita, para a modificación da composición da Mesa de Contratación do Concello de Ponteceso

AO ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESO PARA ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN

Dona RAQUEL FONDO PÉREZ, concelleira da Corporación Municipal de Ponteceso, ao abeiro do artigo 53 do Regulamento Orgánico Municipal, do 46.2.e) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e 91.4 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Orgnaización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais propón ao Pleno da Corporación a aprobación dunha **MOCIÓN URXENTE**, con baseamento na seguinte,

Exposición de motivos

Na sesión extraordinaria celebrada na data de 1 de xullo de 2019 o Pleno do Concello acordou a constitución da Mesa de Contratación do Concello de Ponteceso, co carácter permanente para a súa intervención en todos os procedementos de contratación, de

conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda, apartado 7, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, coa seguinte composición:

Presidente:

Titular: D. Xosé Lois García Carballido, Sr. Alcalde.

Suplente: D. Miguel Ángel González Gómez, primeiro tenente de Alcalde.

Vogais:

Primeiro vogal: O secretario titular do Concello de Ponteceso.

Suplente: funcionario que legalmente o substitúa.

Segundo vogal: A interventora titular do Concello de Ponteceso.

Suplente: funcionario que legalmente a substitúa.

Terceiro vogal: D. Emilio Caínzos Quintás, funcionario municipal.

Suplente: D. Fernando Naya Abeleira, funcionario municipal.

Secretario: D. José Manuel Ordóñez Barca, funcionario municipal.

Suplente: D^a Rosario Canosa Martínez, funcionaria municipal

A actual composición da Mesa de Contratación reflicte unha instantánea da realidade política da Corporación de Ponteceso que xa non existe. A nefasta xestión política levada a cabo polo Alcalde e a súa absoluta ineptitude para a búsqueda de acordos dinamitou a confianza coa que contaba ao inicio da lexislatura, conducindo ao Concello a unha preocupante situación de ingobernabilidade que se manifesta en cada sesión plenaria.

Esta perda de apoios na figura do Alcalde fixo bascular o panorama inicial de maiorías, pasando a descansar nos concelleiros non adscritos que, de facto, constitúen o grupo político máis numeroso da Corporación. Esta circunstancia obrígame a que, xunto cos meus catro compañeiros, aceptemos a nosa posición actual e asumamos a responsabilidade que nos corresponde.

Unha das tarefas á que debemos comprometer nos é a de non permitir máis desmáns por parte do Alcalde mentres permaneza no cargo, e iso implica limitar ao máximo a súa capacidade de actuación e promover desde o Pleno unha fiscalización reforzada da súa labor, co obxectivo de protexer os intereses dos veciños e veciñas de Ponteceso. Baixo este obxectivo, entendemos necesaria e urxente a modificación da composición da Mesa de Contratación aos efectos de que reflicta a nova realidade da Corporación.

Por todo iso, someto á consideración do Pleno da Corporación a seguinte,

Moción-Proposta

Modificar a composición da Mesa de Contratación do Concello de Ponteceso, co carácter permanente para a súa intervención en todos os procedementos de contratación, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda, apartado 7, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, quedando configurada do seguinte xeito:

Presidente:

Titular: D. Miguel Ángel González Gómez, concelleiro.

Suplente: D^a Raquel Fondo Pérez, concelleira.

Vogais:

Primeiro vogal: O secretario titular do Concello de Ponteceso.

Suplente: funcionario que legalmente o substitúa.

Segundo vogal: A interventora titular do Concello de Ponteceso.

Suplente: funcionario que legalmente a substitúa.

Terceiro vogal: D^a María Julia Ures Villar, funcionaria municipal.
Suplente: D. Fernando Naya Abeleira, funcionario municipal.

Secretario: D. José Manuel Ordóñez Barca, funcionario municipal.
Suplente: D^a Rosario Canosa Martínez, funcionaria municipal (...)"

Sométese a votación a urxencia, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (5 N.A: Miguel Ángel González Gómez, Faustino Lema Santiago, Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda, 2 APIN (José Manuel Pose Verdes e Marco Varela Vidal) e (2 PP (D. Daniel Garcia Cotelo e D^a Marta Carrillo Aguiar)

Votos en contra: 3 (3 PSOE (D. Xosé Lois García Carballido, D^a. Noelia Varela Suárez e D^o. Maite Chouciño Calvete)

Abstencións:-

DILIXENCIA DE SECRETARÍA:

“Antía Pena Dorado, secretaria do Concello de Ponteceso, estende esta dilixencia para facer constar que con data 26.03.2021 RE(20210000000442) presentouse por parte da concelleira non adscrita , dna Raquel Fondo Pérez, moción para a modificación da composición da mesa de contratación permanente do Concello de Ponteceso.

*De conformidade co disposto no apartado sétimo da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 **poderanse constituír Mesas de Contratación permanentes.***

En virtude do disposto no artigo 31 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público a designación dos membros da mesa de contratación poderá facerse con carácter permanente ou de maneira específica para a adxudicación de cada contrato.

A mesa estará constituída por un Presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente, e un Secretario.

*De conformidade co apartado 7 da Disposición Adicional Segunda da LCSP a Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueles outros **que se designen polo órgano de contratación** entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.*

Nas Entidades locais municipais, mancomunidades e consorcios locais, poderán integrarse na Mesa persoal ao servizo das correspondentes Deputacións Provinciais ou Comunidades Autónomas uniprovinciais.

En ningún caso poderá formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual. Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.

A composición da Mesa publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 21.4 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público publicarase ademais no «Boletín Oficial do Estado», no da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, segundo trátase da Administración Xeral do Estado, da Autonómica ou da Local.

Na disposición Adicional 2ª da LCSP establécense as competencias en materia de contratación da seguinte maneira:

1. Corresponden a los Alcaldes y a los Presidentes de las Entidades Locales las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos de obras, de suministro, de servicios, los contratos de concesión de obras, los contratos de concesión de servicios y los contratos administrativos especiales, cuando su valor estimado no supere el 10 por ciento de los recursos ordinarios del presupuesto ni, en cualquier caso, la cuantía de seis millones de euros, incluidos los de carácter plurianual cuando su duración no sea superior a cuatro años, eventuales prórrogas incluidas siempre que el importe acumulado de todas sus anualidades no supere ni el porcentaje indicado, referido a los recursos ordinarios del presupuesto del primer ejercicio, ni la cuantía señalada.

2. Corresponden al Pleno las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos mencionados en el apartado anterior que celebre la Entidad Local, cuando por su valor o duración no correspondan al Alcalde o Presidente de la Entidad Local, conforme al apartado anterior. Asimismo, corresponde al Pleno la aprobación de los pliegos de cláusulas administrativas generales a los que se refiere el artículo 121 de esta Ley.

CONCLUSIONES:

O pleno pode designar (ou modificar) a composición da mesa de contratación permanente unicamente para os contratos nos que é órgano de contratación conforme a Disposición Adicional 2ª.2. Da LCSP , pero en ningún caso para os contratos nos que o órgano de contratación é o Alcalde conforme a Disposición Adicional 2ª.1 na LCSP , ou a XGL por delegación “

Toma a palabra o Sr Alcalde e pídelle a concelleira non adscrita D^a: Raquel Fondo Pérez que sendo experta en contratación como é, que lle explique en que consiste a mellora para o Concello desta proposta, ao que a Concelleira non adscrita responde decindo que con quitar o Sr Alcalde da mesa xa se conforman, como ven que o Señor Alcalde non chega a ningún acordo con eles pois que se ven na obriga de empezar a coller as rendas desto.

O Señor Alcalde preguntalle se mirou as actas das mesas de contratación e de que proxectos lle podería falar.ao que a Concelleira non adscrita respondelle que lle faga as preguntas por escrito e que despois xa lle responde.

O Señor Alcalde insiste que se ve que non saben nin onde están publicadas as actas das mesas de contratación, pero di que o que está claro é que a nova maioría formada polos tránsfugas do PSOE e compañía, non quere que funcione o Concello, xa que hai unha dilixencia na que se informa que o Pleno non ten competencias nas mesas de contratación nas que o órgano de contratación é Alcaldía

O Señor Alcalde sigue explicando o funcionamento das mesas de contratación, e replica que antes de chegar eles (polos non adscritos) ao goberno "por desgraza" xa había un funcionario que licitou moitas obras, que é un experto en elaboración de pregos, e que agora eles quérenos apartar da Mesa de Contratación, para poñer a Normalizadora Lingüística do Concello de Ponteceso. O Señor Alcalde insiste que eso é un atentado contra tódolos intereses xerais.

Toma a palabra o concelleiro non adscrito D. Miguel Ángel González Gómez e pídelle ao Sr Alcalde que explique porque levou os 40.000€ dunha empresa a un extraxudicial, que explique tamen por que non está no Cairo a luz contratada...esíxelle que explique onde van os cartos, onde van as subvencións que se perderon...

Comeza unha discusión entre o Señor Alcalde e o concelleiro non adscrito D. Miguel Ángel González Gómez, porque o primeiro dille que estaba no bar en vez de estar pendientes das obras, dille que hai que estra onde hai que estar. Continúa o cruce de acusacións e o Señor Alcalde acaba chamándolle á orde por terceira vez a D. Miguel Ángel González Gómez que o acaba expulsando do Pleno.

Finalizado o debate, sométese a votación a moción, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (4 N.A.; Faustino Lema Santiago, Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda, 2 APIN (José Manuel Pose Verdes e Marco Varela Vidal) e 2 PP (D. Daniel Garcia Cotelo e D^a Marta Carrillo Aguiar)

Votos en contra: 3 (3 PSOE (D. Xosé Lois García Carballido, D^a. Noelia Varela Suárez e D^o. Maite Chouciño Calvete)

Abstencións:-----

Polo que o Pleno Aproba:

PRIMEIRO.- Modificar a composición da Mesa de Contratación do Concello de Ponteceso, co carácter permanente para a súa intervención en todos os procedementos de contratación,

de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda, apartado 7, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, quedando configurada do seguinte xeito:

Presidente:

Titular: D. Miguel Ángel González Gómez, concelleiro.

Suplente: D^a Raquel Fondo Pérez, concelleira.

Vogais:

Primeiro vogal: O secretario titular do Concello de Ponteceso.

Suplente: funcionario que legalmente o substitúa.

Segundo vogal: A interventora titular do Concello de Ponteceso.

Suplente: funcionario que legalmente a substitúa.

Terceiro vogal: D^a María Julia Ures Villar, funcionaria municipal.

Suplente: D. Fernando Naya Abeleira, funcionario municipal.

Secretario: D. José Manuel Ordóñez Barca, funcionario municipal.

Suplente: D^a Rosario Canosa Martínez, funcionaria municipal

Antes de pasar ao seguinte punto pide a palabra a Secretaria da Corporación e fai a advertencia do artigo 87 do ROF, dado que está cerca de ser as 00:00 horas.

O Señor Alcalde decide continuar co Pleno

5.- MOCIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA DIPUTACIÓN PRESENTADA POR CONCELEIRO NON ADSCRITO D. FAUSTINO SANTIAGO LEMA

“(…)Moción que presenta a concelleiro Don Faustino Santiago Lema, na súa condición de non adscrito, para a proposta de obras para a subvención nominativa da Deputación da Coruña

AO ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESO PARA ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN

Don FAUSTINO SANTIAGO LEMA, concelleiro da Corporación Municipal de Ponteceso, ao abeiro do artigo 53 do Regulamento Orgánico Municipal, do 46.2.e) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e 91.4 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Orgnaización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais propón ao Pleno da Corporación a aprobación dunha **MOCIÓN URGENTE**, con baseamento na seguinte,

Exposición de motivos

Na última Comisión Informativa celebrada un dos puntos da orde do día era a búsqueda de alternativas para a subvención nominativa comprometida pola Deputación. Nesa sesión, a proposta nosa, convocouse unha reunión de portavoces para lograr un consenso.

Dado o inmovilismo da representante do Grupo de Goberno, os concelleiros non logramos chegar a ningún acordo nin nos emparamos a outra reunión. A pesar de iso e vistos os

precedentes da xestión do Alcalde e do Grupo de Goberno, os concelleiros non adscritos entendemos necesario o plantexamento dunha alternativa.

Tendo en conta que o importe previsto da subvención é de 200.000 euros, as actuacións propostas son:

- Pista no núcleo dos Ánxeles.
- Escaleiras ao lado do supermercado Miramar.
- Pista Toural- Corme Aldea.

En base a todo iso, sometemos ao Pleno a aprobación da seguinte,

Moción-Proposta

Incluír aos efectos da subvención nominativa comprometida pola Deputación da Coruña as seguintes actuacións:

- Pista no núcleo dos Ánxeles.
- Escaleiras ao lado do supermercado Miramar.
- Pista Toural- Corme Aldea (...)"

Sométese a votación a urxencia e apróbase por 11 votos a favor.

O Concelleiro non adscrito, D Faustino Santiago Lema di que a ver se veñen estes cartos e se poden facer estar obras.

Toma a palabra o Señor Alcalde e di que lle parece ben a pista no núcleo dos Ánxeles, porque non se arreglou nada nos Ánxeles, o mesmo opina das escaleiras do lado do supermercado Miramar, e tamen esta favor da pista do Toural en Corme- Aldea, agradece públicamente traer propostas de obras.

Finalizado o debate sométese a votación e apróbase con 11 votos a favor (3 PSOE; 2 PP, 2 APIN e 4 NA)

Polo que o Pleno Aproba:

PRIMEIRO.- Incluír aos efectos da subvención nominativa comprometida pola Deputación da Coruña as seguintes actuacións:

- Pista no núcleo dos Ánxeles.
- Escaleiras ao lado do supermercado Miramar.
- Pista Toural- Corme Aldea

5.- MOCIÓN DE CREACIÓN DE COMISIÓN ESPECIAL DE INVESTIGACIÓN DE INSTALACIÓN DE CAMARAS EN DEPENDENCIAS MUNICIPALES, PRESENTADA POR CONCELEIRO NON ADSCRITO D^a ANA PÉREZ IMIA

Toma a palabra a Sra Secretaria e advirte que no seu día esta moción non se presentou completa no rexistro e que si se fixo no día de hoxe, polo que dado que se solicita un informe a secretaría, o mesmo debe emitirse con carácter previo, polo que o expediente debería deixarse encima da mesa ao non estar completo. Sen embargo a advertencia non é atendida e sométese a votación a urxencia da mocións.

AO ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESO PARA ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN

Dona ANA PÉREZ IMIA, concelleira da Corporación Municipal de Ponteceso, ao abeiro do artigo 53 do Regulamento Orgánico Municipal, do 46.2.e) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e 91.4 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais propón ao Pleno da Corporación a aprobación dunha **MOCIÓN URXENTE**, con baseamento na seguinte,

Exposición de motivos

Os días 24 e 25 de outubro de 2020 publicáronse nas edicións escrita e dixital do xornal La Voz de Galicia dous vídeos que difunden parcialmente a gravación desde varios planos dunha conversa privada mantida entre tres concelleiros da Corporación e o Alcalde que ten lugar no despacho de Alcaldía, dependencia de dominio público do consistorio pontecesán.

Tendo en conta que nin os empregados do Concello, nin os veciños, nin os membros da Corporación estaban informados da instalación de cámaras en ningunha dependencia municipal, e na defensa dos seus dereitos á intimidade, propia imaxe e protección de datos de carácter persoal, os concelleiros Raquel Fondo Pérez, Faustino Santiago Lema, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda solicitaron a celebración dun Pleno Extraordinario aos efectos de obter unha aclaración sobre estes feitos por parte do Alcalde do Concello.

Na sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 26 de novembro de 2020 o Alcalde non respondeu a ningunha das preguntas plantexadas polos membros da Corporación, deixando sen aclarar o suxeito responsable da instalación das cámaras, o seu número, as dependencias nas que están instaladas, a data na que foron instaladas ou o sistema de almacenamento e o uso e destino das gravacións obtidas.

Dada a extrema gravidade dos feitos e á vista das inexistentes explicacións prestadas por parte do Alcalde, o día 16 de marzo de 2021 o delegado electo do Persoal Funcionario do Concello de Ponteceso, así como os delegados electos do Persoal Laboral do sindicato CSIF, presentaron no rexistro do Concello un escrito no que solicitaban unha serie de aclaracións que procedemos a reproducir na súa literalidade:

"Solicitamos que se nos aclare si hay o hubo cámaras ocultas en el concello o en cualquier otra instalación municipal. En caso afirmativo:

- *¿Cuántas cámaras y dónde están o estaban colocadas?*
- *¿Se realizaron grabaciones a l@s trabajador@s sin ser informados de ello?, y en caso afirmativo,¿con qué fin se realizaron las mismas y quién custodia esas imágenes?*

- ¿Se realizó alguna actuación para comprobar y aclarar tales hechos?

Consideramos que aclarar este asunto debe ser una prioridad al objeto de determinar si se han vulnerado los derechos de los trabajador@s.

Aportamos como **DOCUMENTO ADXUNTO Nº1** a solicitud presentada polos representantes dos traballadores.

Esta lexítima inqueda manifestada polos empregados e empregadas do Concello debe atopar amparo e a súa reivindicación debe ser recollida polos membros da Corporación, os cales, no exercicio da súa función fiscalizadora e de control, estamos obrigados a promover na maior brevidade posible todas as iniciativas que resulten necesarias en orde a unha aclaración completa.

Dada a inactividade do Alcalde na súa rendición de contas sobre o asunto e a absoluta falta de transparencia que caracteriza a súa xestión, resulta urxente e imprescindible a creación, ao abeiro do artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, do 61 do Regulamento Orgánico Municipal e 124.3 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dun órgano de carácter non permanente que, coa denominación de **Comisión Especial de Investigación sobre a instalación de cámaras** asuma as funcións de estudo, análise e investigación da instalación de cámaras nas dependencias municipais, así como as de seguimento e control da actuación do Alcalde e das concelleiras de Goberno nesta materia.

En tanto que un dos fundamentos da súa creación é a preocupación dos traballadores do Concello sobre as posibles vulneracións dos seus dereitos, o funcionamento interno da Comisión debe dispoñer dun carácter aberto e participativo aos efectos de canalizar as súas dúbidas e suxestións.

Por outra banda, dado que a creación do anterior órgano vén derivada da existencia de actuacións anormais que os veciños e veciñas de Ponteceso non teñen a obriga de soportar, as indemnizacións aprobadas polo Pleno do Concello con data de 1 de xullo de 2019 pola asistencia dos membros da Corporación a órganos colexiados deben ser excepciónadas para esta Comisión Especial. Así, os membros da Corporación que concurran efectivamente ás sesións da Comisión Especial de Investigación sobre a instalación de cámaras non percibirán indemnización algunha.

Por conseguinte, á vista das inquezas manifestadas polos empregados e empregadas do Concello, da falta de respostas por parte do Alcalde e na defensa dos seus dereitos e os dos veciños e veciñas de Ponteceso, propoñemos ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte,

Moción-Proposta

- 1.- Constituír a Comisión Especial de Investigación da instalación de cámaras en dependencias municipais.
- 2.- Determinar a súa composición, respectando a proporcionalidade de concelleiros de cada Grupo Municipal en función da súa representatividade na Corporación, da forma que segue:

Presidente: O Alcalde, que delegará a Presidencia en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión e mediante elección efectuada no seu seno (o voto do representante do Grupo Municipal Socialista, por aplicación do voto ponderado, tería un valor de 23,07%).

Vogais: 1 concelleiro do Grupo Municipal do PP (o voto do vogal do Grupo Municipal Partido Popular, por aplicación do voto ponderado, tería un valor de 23,07%).

1 concelleiro do Grupo Municipal de APIN (o voto do vogal do Grupo Municipal APIN -SON, por aplicación do voto ponderado, tería un valor de 15,38 %).

5 concelleiros non adscritos:

Miguel Ángel González Gómez (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

Raquel Fondo Pérez (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

Faustino Santiago Lema (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

Ana Pérez Imia (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

Salvador Eiroa Ameijenda (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

3.- Determinar o funcionamento da Comisión que terá como finalidade o estudo, a análise e a investigación da instalación de cámaras nas dependencias municipais, así como as de seguimento e control da actuación do Alcalde e das concelleiras de Goberno nesta materia.

Celebrará as súas sesións ordinarias, previa a súa convocatoria polo Alcalde-Presidente coa antelación mínima de dous días hábiles anteriores á celebración da correspondente sesión, cando así o determine o propio Alcalde-Presidente e cando o solicite a cuarta parte dos membros da mesma. Neste último caso a celebración da mesma non poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que fora solicitada. Se o Alcalde-Presidente non convocase a sesión solicitada polo número de membros indicado dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocada para o décimo día hábil seguinte ao de finalización do devandito prazo, ás doce horas, o que será notificado polo Secretario da corporación a todos os membros da mesma ao día seguinte ao do finalización do prazo citado anteriormente. Das conclusións que se deriven da celebración de cada unha das sesións darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

Cando así sexa solicitado pola cuarta parte dos membros da Comisión poderá requirirse a asistencia ás sesións dos representantes dos traballadores do Concello, sen voz nin voto, aos meros efectos da formulación dos rogos e das preguntas que estimen oportunos na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A sesión constitutiva da Comisión celebrárase á maior brevidade posible, previos os informes preceptivos dos órganos encargados do asesoramento xurídico e do control e fiscalización interna municipal, e en todo caso antes da fin do mes de abril de 2021.

Os membros da Comisión non percibirán indemnización algunha pola concurrencia efectiva ás sesións celebradas.

4.- Requerir a emisión dos informes preceptivos aos órganos encargados das funcións de Secretaría e de Intervención no Concello (...)"

Sométese a votación a urxencia, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (4 N.A: Faustino Lema Santiago, Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia e Salvador Eiroa Ameijenda, 2 APIN (José Manuel Pose Verdes e Marco Varela Vidal) e (2 PP (D. Daniel Garcia Cotelo e D^a Marta Carrillo Aguiar)

Votos en contra: 3 (3 PSOE (D. Xosé Lois García Carballido, D^a. Noelia Varela Suárez e D^o. Maite Chouciño Calvete)

Abstencións:-

Iniciado o debate, toma a palabra a concelleira non adscrita e di que trouxeron o audio completo para poder escoitalo o Pleno en referencia aos vídeos publicados nun periódico.

O Sr Alcalde dille se a pesar da advertencia de secretaría quere continuar adiante coa moción ao que ela se reafirma.

Empeza a oirse o audio....e o Señor Alcalde acaba expulsando a D. Faustino Santiago Lema e esixe retirar o audio, despois de varias chamadas ao orde consecutivas.

Continúa a discusión entre os concelleiros. O Señor Alcalde acaba expulsando ao concelleiro non adscrito, D. Salvador Eiroa Ameijenda.

O Sr Alcalde retomando a palabra di que as cámaras non teñen importancia, se xa denunciaron ante a Fiscalía,deixen traballar a xustiza.

Toma a palabra a concelleira non adscrita, D^a. Ana Pérez Imia e di que se o Sr Alcalde non lle interesa o tema das cámaras aos veciños si, e por eso se popón a creación da Comisión Especial de Investigación da instalación de cámaras en dependencias municipais, e confirma que o audio se fará público .

Toma a palabra o Sr Alcalde e di que non hai que facer perder os recursos públicos nunha comisión de investigación, e aconséllalle que vaian á xustiza.

O Señor Alcalde insiste que as actitudes que demostraron son en contra do interese pública.

Finalizado o debate sométese a votación a moción, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (2 N.A: Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia) 2 APIN (José Manuel Pose Verdes e Marco Varela Vidal) e 2 PP (D. Daniel Garcia Cotelo e D^a Marta Carrillo Aguiar)

Votos en contra: 3 (3 PSOE (D. Xosé Lois García Carballido, D^a. Noelia Varela Suárez e D^a. Maite Chouciño Calvete)

Abstencións: ----

Polo que o Pleno Aproba:

PRIMEIRO.- Constituír a Comisión Especial de Investigación da instalación de cámaras en dependencias municipais.

SEGUNDO.- Determinar a súa composición, respectando a proporcionalidade de concelleiros de cada Grupo Municipal en función da súa representatividade na Corporación, da forma que segue:

Presidente: O Alcalde, que delegará a Presidencia en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión e mediante elección efectuada no seu seno (o voto do representante do Grupo Municipal Socialista, por aplicación do voto ponderado, tería un valor de 23,07%).

Vogais: 1 concelleiro do Grupo Municipal do PP (o voto do vogal do Grupo Municipal Partido Popular, por aplicación do voto ponderado, tería un valor de 23,07%).

1 concelleiro do Grupo Municipal de APIN (o voto do vogal do Grupo Municipal APIN -SON, por aplicación do voto ponderado, tería un valor de 15,38 %).

5 concelleiros non adscritos:

Miguel Ángel González Gómez (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

Raquel Fondo Pérez (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

Faustino Santiago Lema (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

Ana Pérez Imia (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

Salvador Eiroa Ameijenda (por aplicación do voto ponderado o seu voto terá o valor unitario do 7,69%).

3.- Determinar o funcionamento da Comisión que terá como finalidade o estudo, a análise e a investigación da instalación de cámaras nas dependencias municipais, así como as de seguimento e control da actuación do Alcalde e das concelleiras de Goberno nesta materia.

Celebrará as súas sesións ordinarias, previa a súa convocatoria polo Alcalde-Presidente coa antelación mínima de dous días hábiles anteriores á celebración da correspondente sesión, cando así o determine o propio Alcalde-Presidente e cando o solicite a cuarta parte dos membros da mesma. Neste último caso a celebración da mesma non poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que fora solicitada. Se o Alcalde-Presidente non convocase a sesión solicitada polo número de membros indicado dentro do prazo sinalado, quedará automaticamente convocada para o décimo día hábil seguinte ao de finalización do devandito prazo, ás doce horas, o que será notificado polo Secretario da corporación a todos os membros da mesma ao día seguinte ao do finalización do prazo citado anteriormente. Das conclusións que se deriven da celebración de cada unha das sesións darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

Cando así sexa solicitado pola cuarta parte dos membros da Comisión poderá requirirse a asistencia ás sesións dos representantes dos traballadores do Concello, sen voz nin voto, aos meros efectos da formulación dos rogos e das preguntas que estimen oportunos na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A sesión constitutiva da Comisión celebrarase á maior brevidade posible, previos os informes preceptivos dos órganos encargados do asesoramento xurídico e do control e fiscalización interna municipal, e en todo caso antes da fin do mes de abril de 2021.

Os membros da Comisión non percibirán indemnización algunha pola concurrencia efectiva ás sesións celebradas.

4.- Requerir a emisión dos informes preceptivos aos órganos encargados das funcións de Secretaría e de Intervención no Concello

6.- MOCIÓN PRESENTADA POLO PSOE EN REPRESENTACIÓN DA COFRADÍA DE PESCADORES DE CORME. PESCA ARTESANAL

“(...) Moción para promover unha declaración institucional do Concello de Ponteceso co obxecto de demandar a eliminación das modificación do Regulamento de Control Europeo da UE. 1224/2009 con respecto a frota artesanal

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente iniciativa ten como principal obxectivo por de manifesto a inxustiza existente co sector pesqueiro por mor da modificación do Regulamento de Control aprobada polo Parlamento Europeo o pasado mes de febreiro.

A citada proposta supón a introdución de aspectos novidosos no Regulamento (CE) Nº. 1224/2009, do Consello (DO L 343 de 22.12.2009), polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da PPC, e os que causarán graves prexuízos para os intereses da frota de pesca artesanal galega, en canto:

1.- Non se modificou a definición de pesca artesanal, petición realizada dende o propio sector. Continúase describindo a pesca costeira artesanal como a desenvolvida por buques inferiores a 12 metros de eslora e con determinadas artes de pesca. Toda a pesca executada por buques de eslora maior ou con artes non contempladas como artesanais pola UE, entrarían dentro da denominación de industrial.

Elo implica que tódalas embarcacións maiores de 12 metros, quedan fóra da categoría de pesca costeira artesanal, supoñendo importantes prexuízos para este segmento de frota – Exemplo: Non poder acceder ás axudas dos Grupos de Acción Local de Pesca (GALP) con fondos FEMP –.

Non se estimaron os argumentos das organizacións representativas do sector neste sentido, entre outros, de definir a pesca costeira artesanal dende unha perspectiva multiparamétrica, sendo necesario para o recoñecemento da frota que se adica a esta modalidade, o cumprimento de alomenos tres, dos cinco criterios seguintes: 1. Eslora das embarcacións inferior a 12 metros. 2. Distancia do caladoiro, faenar dentro de augas nacionais. 3. Duración máxima das mareas: 24 horas. 4. Utilización de artes de pesca sostibles. 5. Máximo de 4 tripulantes enrolados e a bordo.

2.- En aplicación do Regulamento de control en vigor, unicamente os buques menores de 10 metros de eslora están exentos de levar un diario de pesca electrónico (DEA) a bordo. Coa actual modificación todos os buques de máis de 4 metros deberán notificar dende o barco as súas capturas, aínda que descoñecéndose a forma de traballo agrupada que normalmente desenvolven as embarcacións de artes menores que operan en Galicia, principalmente as de marisqueo ou de recursos específicos, e sen terse en conta tampouco as especiais condicións climatolóxicas que predominan na costa galega.

3.- A modificación proposta e aprobada polo Parlamento Europeo incide na implantación de cámaras de "voluntarias" a bordo dos buques de máis de 12 metros de eslora, salvo para infractores, e entendéndose que esa voluntariedade será "premiada" con maior cota nas posibilidades de pesca.

Non obstante, este aspecto é considerado innecesario para a flota de artes menores tendo en conta o escaso número de especies sometidas a TAC's e Cotas e capturadas pola frota artesanal galega, e tamén ao insignificante reparto de especies por buque.

En definitiva, a modificación proposta do Regulamento de Control da Pesca en augas da

U.E. considérase de todo inapropiada e inxusta para a frota galega de pesca artesanal, ben por non se ter en conta as súas especiais características estruturais nin a forma de desenvolvemento da súa actividade extractiva.

Por todo o anteriormente exposto, a Confraría de Pescadores de Corme, solicita ao Pleno da Corporación do Concello de Ponteceso, o apoio incondicional ás reivindicacións do sector pesqueiro artesanal e marisqueiro de Galicia e a este respecto, e a adopción dos seguintes

ACORDOS

O pleno do Concello de Ponteceso, en sesión de data 29-03-2021 e mediante declaración institucional asinada por todos e cada un dos membros que integran a corporación municipal solicita aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia e no Congreso dos Deputados que adopten e executen as seguintes decisións:

1. ESIXIR A RETIRADA DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE CONTROL DA PESCA (CE) Nº. 1224/2009, DEL CONSEJO E APROBADA POR MAIORÍA DOS EURODIPUTADOS DO PARLAMENTO EUROPEO, EN CANTO VAI EN PREXUIZO DOS INTERESES DA FROTA DE PESCA ARTESANAL E DO MARISQUEO DE GALICIA E ANTE A IMPOSIBILIDADE DO SEU CUMPRIMENTO.
2. ESIXIR DUNHA VEZ POR TODAS UNHA DEFINICIÓN EUROPEA CLARA E REAL DO CONCEPTO DE PESCA ARTESANAL BASEADA NUNHA DEFINICIÓN MULTICRITERIO.

3. REQUIRIR UN TRATAMENTO DISTINTO E DIFERENCIADO DA FROTA DE PESCA COSTEIRA ARTESANAL RESPECTO ÁS FROTAS INDUSTRIAL E/OU SEMIINDUSTRIAL, RECOMENDÁNDOSE PARA ELO ÁS AUTORIDADES COMUNITARIAS, UN COÑECEMENTO REAL DAS CARACTERÍSTICAS ESTRUCTURAIS DOS BUQUES DE ARTES MENORES, DAS ZONAS DE PESCA DE DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE E DA SELECTIVIDADE DAS ARTES E APARELLOS DE PESCA EMPREGADOS.(...)”

Toma a palabra o Señor Alcalde e di que a Cofraría de Corme se puxo en contacto con eles, e eles están de acordo en manter estes postos de traballo

Sométese a votación a urxencia e apróbase por unanimidade dos presentes (9).

Sométese a votación a moción e acada o seguinte resultado:

Votoso a favor:9 (3 PSOE, 2PP, 2 APIN e 2 NA (Raquel Fondo Pérez e Ana Pérez Imis) e o Pleno aproba :

PRIMEIRO.- ESIXIR A RETIRADA DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE CONTROL DA PESCA (CE) Nº. 1224/2009, DEL CONSEJO E APROBADA POR MAIORÍA DOS EURODIPUTADOS DO PARLAMENTO EUROPEO, EN CANTO VAI EN PREXUÍZO DOS INTERESES DA FROTA DE PESCA ARTESANAL E DO MARISQUEO DE GALICIA E ANTE A IMPOSIBILIDADE DO SEU CUMPRIMENTO.

SEGUNDO.- ESIXIR DUNHA VEZ POR TODAS UNHA DEFINIÇÃO EUROPEA CLARA E REAL DO CONCEPTO DE PESCA ARTESANAL BASEADA NUNHA DEFINIÇÃO MULTICRITERIO.

TERCEIRO.- REQUIRIR UN TRATAMENTO DISTINTO E DIFERENCIADO DA FROTA DE PESCA COSTEIRA ARTESANAL RESPECTO ÁS FROTAS INDUSTRIAL E/OU SEMIINDUSTRIAL, RECOMENDÁNDOSE PARA ELO ÁS AUTORIDADES COMUNITARIAS, UN COÑECEMENTO REAL DAS CARACTERÍSTICAS ESTRUTURAIAS DOS BUQUES DE ARTES MENORES, DAS ZONAS DE PESCA DE DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE E DA SELECTIVIDADE DAS ARTES E APARELLOS DE PESCA EMPREGADOS

ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas de Apin

- 1.- Cómo se atopa o proxecto de contrucción do muro da Bardanca?
- 2.- Roga a colocación dunha marquesiña na Bugalleira
- 3.- Repoña as árbores que sufriron actos vandálicos
- 4.- Qué pasa coas augas pluviais de Pazos (ésta para o seguinte pleno)

Responde O Sr Alcalde respecto ao muro de Bardanca que parte dese muro catastralmente pertence a un propietario ao cal se lle enviou unha proposta de convenio, pedíndolle a cesión, e tan pronto se fags continuaremos, pero insiste que se o Pleno bloquea o gasto corrente vai ser difícil.

Respecto o tema das árbores, eso esta fóra do presupostado e hai que tirar de gasto corrente e estase nunha contradición, dado que o Pleno bloquea as obras e gasto corrente.

Respecto o tema das marquesiñas, informa que se fixo unha solcitude á Xunta, ten os permisos pero estamos pendientes de que a Xunta as facilite de porque o Concello ao non ter cartos non pode conseguilas.

Preguntas do PP, as mesmas serán respostadas no vindeiro pleno.

- 1.- ¿Qué pasa cas augas pluviais de Pazos de arriba?
- 2.- Pregunta se acabaron os problemas que tiñas en Xornes cunha veciña.
- 3.- Existen problemas de inundacións no edificio de protección civil de Ponteceso, cando pensa facer o arranxo da arqueta?

O Sr Alcalde pregúntalle ao voceiro do PP se él prepara os plenos, ao que este responde afirmativamente. Dille que no Pleno anterior fixera unha pregunta sobre os bancos de Ponteceso e de Corme, afirma que os bancos chegaron ao final da súa vida útil, pero agora hai que invertir, pero se recortan todo, se non hai gasto corrente de onde sacamos cartos para bancos, os traballadores do Plan de emprego son os que están arranxando eses bancos, por eso é moi importante apoiar o PES.

Polo que respeta a preocupación do voceiro do PP, anta o peche dunha carreterera de Nemeño, todo está arranxado.

Levántase do Pleno o voceiro de APIN, o Sr Pose Verdes, e as concelleiras non adscritas Raquel Fondo Pérez e Ana Pérez Imia, dado que pasan das 00:00 horas.

O Sr Alcalde sigue explicándolle ao voceiro do PP, a luz do cemeterio de Nemeño, que está sin luz porque roubaron o cable e o Concello de Ponteceso como está asfixiado polo boicot do Pleno, non ten cartos para alumado público.

O voceiro do PP di que as luces puxerona os veciños hai 40 anos.

Toma a palabra o Alcalde e non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 00 horas e 15 minutos do día seguinte ao día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria , asinandoa xunto co Sr. Alcalde.

O Alcalde-Presidente

A Secretaria

Asdo.: D. Xosé Lois García Carballido.

Asdo; D^a.Antía Pena Dorado